

Molière

O BURGUÉS FIDALGO



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como:

Molière: *O burgués fidalgo*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey.
<http://palabrasdesconxeladas.com>



Poucas veces habemos atopar na Historia unha vida tan consagrada ao Teatro como foi a de Molière.

Jean-Baptiste Poquelin nace en París en 1622 no seo dunha rica familia burguesa. Seu pai, tapiceiro -é dicir comerciante en tapices e tapizados- é "tapiceiro do rei" e está ben introducido na Corte.

Estuda nun dos mellores colexios, o colexio dos Xesuítas de Clermont, en París, onde ten como compañeiros aos fillos da alta burguesía e da nobreza, algúns dos que han destacar na literatura e a filosofía "libertina" como Cyrano de Bergerac. Alí adquire unha sólida formación. Despois estuda Dereito en Orléans e exerce seis meses como avogado antes de suceder a seu pai no cargo e acompañar ao rei Luís XIII nunha viaxe.

De súpeto, aos 21 anos, Jean-Baptiste decide abandonar todo para se adicar ao Teatro. Seu pai non se opón, o que non deixa de ser sorprendente ao ser esa actividade mal considerada e mal tratada polo Poder. Abonda con dicir que os actores estaban, polo feito de selo, excomungados e non podían ser enterrados no sagrado, é dicir nos cemiterios. De certo que a atmosfera familiar debía ver con simpatía a actividade teatral e Jean-Baptiste podía ter o bichiño no corpo dende

nenos, dende a época en que seu avó materno o levaba ao Hôtel de Bourgogne ver as farsas e as traxedias representadas polas compañías italianas e francesas.

Renuncia á vida fácil e cómoda, toma o nome de Molière e funda con Madeleine Béjart, unha actriz de 22 anos, a compañía l'illustre Théâtre, mais a competencia é dura e axiña chegan as débedas, e con elas a prisión. O Ilustre Teatro disólvese, integrándose Molière, Madeleine e algún integrante máis noutra compañía. Durante doce anos percorrerá o Sur de Francia, principalmente o Languedoc -tendo como base a cidade de Lyon entre 1653 e 1658- e Molière converterase no director da compañía, que adquire unha gran popularidade. Perfecciona o seu oficio de actor e comeza a escribir farsas.

A compañía regresa a París en 1658, onde acada o padroado do irmán do rei -que agora é un Luís XIV aínda mocíño- e alterna actuacións no mesmo teatro que os Italianos. Nunha representación para o rei monta unha traxedia de Corneille e unha farsa súa, *O Doutor namorado*. Luís XIV abúrrese coa traxedia mais ri coa farsa. A protección do rei está asegurada.

Tras un primeiro período no que intenta levar a compañía polo xénero trágico, Molière decídese polo cómico: a farsa como *Esganarello*, na que tiña tanta e tan boa experiencia, e a comedia, que el insire na actualidade social no estudo de caracteres, coas *Preciosas ridículas*, *A escola dos maridos* e *A escola das mulleres*. Fai seu o obxectivo da vella comedia latina: *castigat ridendo mores*.

Comeza o éxito parisiense de Molière e con el as insidias en contra súa, maiormente procedentes de dous sectores: os rivais teatrais da compañía do Hôtel de Bourgogne e os círculos sociais máis conservadores, que se senten aludidos pola súa obra. Molière, prudente, recupera o cargo paterno de "tapiceiro do rei" e introdúcese na corte montando nela pezas, espectáculos e comedias-baile.

Ten corenta anos cando casa con Armande Béjart, filla de Madeleine, vinte anos máis nova ca el e que nacera poucos meses despois de el coñecer a esta. Armande tamén forma parte da compañía teatral. Os ataques dos inimigos son implacables. Á súa vida persoal, por exemplo pódose en escena unha peza teatral onde o tratan de cornudo e outra na que se insinúa que o seu matrimonio é un incesto. E o ataque ideolóxico, que aínda é peor: acúsase a Molière de *impío*, o que quere dicir inimigo da relixión, polo que hai quen pide directamente a fogueira.

Acontecera xa o caso *Tartufo*. A poderosa Confraría do Santo Sacramento obtivera a prohibición da obra mesmo xa antes de que fose rematada. A cousa era doada de entender pois criticaba virulentamente a un deses falsos devotos que baixo o pretexto de dirixiren moralmente ás familias se aproveitaban delas. Tampouco *Don Xoán* ten mellor sorte: interrompen a súa exitosa representación unhas semanas despois da estrea e a publicación da obra deberá agardar a morte do autor. No medio dos reveses e do comezo da enfermidade, unha tuberculose pulmonar, Molière estrea *O misántropo* e *O médico malia el*, dúas das súas mellores obras.

Sen renunciar á crítica, Molière modera ataques e alusións, centrándose na farsa, a comedia-baile¹ e a comedia de caracteres (*O siciliano*, *Anfitrión*, *Georges*

¹ Preferimos utilizar a denominación « comedia-baile » mellor que « comedia-ballet » pois na expresión original francesa a palabra *ballet* (diminutivo de *bal* "baile") non remite á forma e á técnica de danza que hoxe coñecemos por *ballet*. Esta foise elaborando moi lentamente, e principalmente a partir do século XVIII. Luís XIV creara xa en 1661 a Academia Nacional de Danza que vai desenvolver o ballet en

Dandin, O avaro). Finalmente pode estrear a segunda versión de *Tartufo* á que o público acode multitudinariamente durante varios meses. Veñen despois *Os amantes magníficos, O señor de Porceugnac* e *O burgués fidalgo*, un novo éxito, ao que segue outro: *As mulleres sabias*.

Mais os últimos tempos da vida de Molière son difíciles: vese desprazado na corte de Versalles por Lulli, que conseguira para si o privilexio da dirección de todos os espectáculos que incorporasen música e baile, a outrora *compañía do rei* ten dificultades económicas, a enfermidade agrávase, e a mágoa pola morte do seu fillo e a da súa vella amiga Madeleine atrístano. Ao tempo, a relación con Armande é practicamente inexistente.

En 1673, na cuarta representación do *Enfermo Imaxinario*, que el teimou en representar para poder darlle de comer á compañía, Molière disimula os mortais accesos da enfermidade. Logra rematar a representación e horas despois morre. Armande moverá ao rei para poder enterralo no cemiterio, mais terá que ser pola noite e ás agachadas.

Poucos anos despois, en 1680, Luís XIV ordena fusionar as compañías de teatro parisienses, a fundada por Molière e a do Hôtel de Bourgogne, creándose a *Comédie Française*.

O burgués fidalgo



Montaxe de *O burgués fidalgo* por Teatro do Morcego

No século XVII o Imperio Otomano chega ás portas da Europa Occidental. Ademais da actual Turquía comprende toda a Europa do Sueste e o contorno do Mar Negro até Iraq, Iemen, Exipto, Túnez e Arxel. Na época de Luís XIV o sultán Mehmet IV continúa a política de expansión loitando contra Venecia, Hungría, Polonia e Austria. O Imperio Turco constitúe unha potencia comercial que serve de ponte para os produtos de Oriente e é sobre todo a expresión dunha rica e refinada civilización que transmite a cultura árabe.

Francia mantíña co imperio otomano unha política de amizade e de conxunturais alianzas a prol dos seus intereses, o que a enfrontou en ocasións cos países europeos en guerra con Turquía. Por iso, ás veces viuse obrigada a apoialos contra os turcos, como aconteceu con Creta entre 1667 e 1669. Por este motivo, as relacións con Turquía atravesaban un momento tenso e as dúas partes esforzábanse en normalizaren a situación.

Nese contexto, en novembro de 1669, Mehmet IV envía un seu representante a Versalles, acompañado do propio fillo do sultán. O cortexo turco, dunha suntuosidade nunca vista e precedido por un impresionante reximento de cabalería e un grupo de barbudos agas, corta a respiración dos franceses. Mais o enviado de Mehmet IV é tratado con displicencia: fanlle agardar oito horas nunha antecámara para despois ser recibido por un Secretario de Estado que pretende recibir a mensaxe do emperador; o enviado négase e reclama ser recibido polo rei. Entón, Luís XIV, contra a opinión do cabaleiro de Arvieux, experto en asuntos turcos, organiza unha recepción cos seus ministros adoviados con vestimentas "orientais" e el mesmo revestido de ouro, envolto en diamantes e toucado con plumas. O enviado turco considéraa unha entroidada e declara que no seu país o cabalo do emperador vai mellor engalanado ca o rei de Francia. A visita remata de contado e sen acordo.

Luís XIV, movido sen dúbida polo impacto da embaixada e pola moda do exotismo turco -xa presente na literatura francesa da época- mais seguramente tamén co ánimo de se vingar do Imperio e do seu enviado ridiculizándoos, encárgalle a Molière unha *turcada* para a festa que vai celebrar no outono de 1670 no palacio de Chambord. E dispón que Lulli se ocupe da parte musical e que os dous Jean-Baptiste estean asesorados polo cabaleiro de Arvieux. Desa colaboración nace a comedia-baile *O burgués fidalgo*.

A obra é unha xoia do teatro cómico. Partindo da farsa, cos seus procedementos sinxelos, caricaturais e esquemáticos, baseados na xestualidade, nos berros, nos paus e nos sorprendivos reviramentos da situación, Molière fai unha peza na que a sutileza da expresión e da palabra -coa ironía e a variedade dos rexistros- xogan un papel fundamental na construción da comedia. Unha peza de arquitectura moi traballada, coas súas escenas e réplicas en paralelo e en eco. Naturalmente, ao tratarse dunha peza que combina a palabra coa música e a danza, o elemento visual ten que conservar unha importancia grande, mais o equilibrio e a dosificación dos recursos forman un espectáculo perfecto. Porque cómpre non esquecer que ante todo a comedia-baile é un espectáculo e nel o canto, a música e o baile están integrados con total naturalidade dentro da historia, nunha acción de ritmo medido que vai *in crescendo* até o baile final, o *Ballet des Nations*.

Molière responde ao encargo real satisfacendo o obxectivo do divertimento coa rexouba sobre os turcos e chiscándolles o ollo aos cortesáns ante a ascensión da burguesía, mais non se trata dun simple traballo de contemplación ao poderoso que paga.

O señor Jourdain podería ser un deses burgueses enriquecidos que na Francia de Luís XIV adquiren títulos de nobreza ou casan aos fillos e fillas con fidalgos. E mais non o é: é simplemente un rico comerciante de pano -como o propio pai de Molière, por certo- cuns delirios de grandeza infantil e do que rimos con bondade pois o seu maior defecto é namorarse dunha marquesa. De aí lle vén, se cadra, todo. Mais a burguesía non só está representada pola señora Jourdain, co seu sentido común e o seu orgullo de clase, senón tamén por Cleonte, que se nega a finxir outras orixes mesmo ante o perigo de perder a súa namorada.

Pola contra, a nobreza -á que en teoría ía destinada a comedia- non sae moi ben parada na persoa do conde Dorante, que vén sendo sinxelamente un mentireiro aproveitado que engana ao señor Jourdain e mais á marquesa coa que quere casar.

Nin tampouco eses intelectuais a soldo coma os diversos profesores que só pensan nos cartos, no seu ego e na súa fachenda.

E, coma sempre no teatro de Molière, a representación popular, personificada na criada Nicole, ri e desconfía de burgueses, de nobres e de intelectuais vendidos, como riría o sector popular do público parisiense que ateigou durante dous anos a sala de teatro de Molière, o Palais-Royal, despois de ser representado en Chambord. Ou como tras a morte de Molière, acudiu ás máis de mil representacións que fixo a Comédie Française entre 1680 e 1690.

Pode ter un certo interese erudito coñecer as fontes utilizadas por Molière. A principal foi unha comedia portuguesa, *O fidalgo aprendiz*, de Francisco Manuel de Melo, publicada en Lyon (lembramos o vencellamento de Molière con Lyon) en 1665. E a lección sobre as vogais baséase nun tratado científico da época. Mais, por riba de fontes e influencias, o que conta nunha obra é a aportación persoal, a creación e o xenio do autor. Ou seica alguén lles reprochou aos grandes tráxicos da Antigüidade tiraren as historias da mitoloxía?

Nota sobre a edición

Mantemos o *Ballet des Nations*, que non se escenifica practicamente nunca aínda que si se publica nas edicións francesas. Mantémolo tal e como foi escrito, nas súas diferentes linguas e formas "rexionais", con escrituras da época e mesmo con algún erro. Ese é o texto que as persoas interesadas poderán seguir nas gravacións discográficas do *Burgués fidalgo* ou da obra de Jean-Baptiste Lully. Non tería sentido traducir o texto nin adaptalo á música orixinal, cousa que si se fixo coas composicións que forman parte dos catro actos.

Referente ao texto do que é propiamente a comedia, corriximos un erro que as edicións francesas manteñen por un incomprendible respecto á edición orixinal. No acto 3, escena 6, o señor Jourdain di "*a miña muller irá xantar á casa da miña irmá*" e no acto IV, escena 2, a señora Jourdain: "*tivestes tanto empeño en me*

enviades a xantar a casa da miña irmá” No primeiro caso debe ser á casa da súa irmá, como nós traducimos

PERSONAXES

O señor Jourdain, *burgués*.

A señora Jourdain, *súa muller*.

Lucile, *filla do señor Jourdain*.

Nicole, *criada*.

Cleonte, *namorado de Lucile*.

Covielle, *criado de Cleonte*.

Dorante, *conde, pretendente de Dorimena*.

Dorimena, *marquesa*.

Mestre de Música.

Alumno do mestre de Música.

Mestre de Danza.

Mestre de Esgrima.

Mestre de Filosofía.

Mestre xastre.

Aprendiz de xastre.

Dous lacaios.

Varios músicos e músicas, instrumentistas, danzantes, cociñeiros, aprendices de xastre, e outros personaxes dos intermedios e do baile.

A escena ten lugar en París.

ACTO I

A abertura faise cunha gran reunión de instrumentos, e no medio do escenario vese un alumno do mestre de música que está a compor enriba dunha mesa unha melodía que o Burgués encargou para unha serenata.

ESCENA 1

Mestre de Música, mestre de Danza, tres músicos, dous violinistas, catro danzantes.

MESTRE DE MÚSICA *(falando cos seus músicos)*

Vide, entrade nesta sala e repousade aí, agardando a que chegue.

MESTRE DE DANZA *(falando cos danzantes)*

E vós tamén, desta banda.

MESTRE DE MÚSICA *(ao alumno)*

Está rematada?

O ALUMNO

Está

MESTRE DE MÚSICA

Vexamos... Está moi ben.

MESTRE DE DANZA

É unha cousa nova?

MESTRE DE MÚSICA

Si, é unha melodía para unha serenata que lle mandei compor aquí, agardando a que o noso home estivese esperto.

MESTRE DE DANZA

Pódese ver como é?

MESTRE DE MÚSICA

Ides escoitala co diálogo, cando chegue. Xa non ha tardar moito.

MESTRE DE DANZA

As nosas ocupacións, as vosas e mais as miñas, non son menores, agora.

MESTRE DE MÚSICA

É certo. Aquí temos atopado o home que precisamos os dous. E unha renda para nós, este señor Jourdain, coas visións de nobreza e de galantería que se foi meter na testa. A vosa danza e a miña música deberían desexar que todo o mundo lle asemellase.

MESTRE DE DANZA

Mais non totalmente: eu quixera que captase mellor do que capta as cousas que lle aprendemos.

MESTRE DE MÚSICA

É certo que as capta mal, mais págaas ben, e iso é o que precisan maiormente as nosas artes antes que calquera outra cousa.

MESTRE DE DANZA

A min, confésovolo, unha pouca gloria goréntame. Os aplausos emociónanme, e coido que en todas as Belas Artes é un suplicio duro de abondo ter que tratar con parvos e recibir polas creacións a barbarie dun cretino. É un pracer - non me digades que non- traballar para persoas capaces de sentir as delicadezas dunha arte, de acoller con agarimo a beleza dunha obra e de agasallar con aprobación falangueira o voso traballo. Si, a recompensa máis agradable que un poida obter polas cousas que fai é ver que se coñecen, velas acariñadas por un aplauso que vos honra. Non existe, ao meu ver, nada que mellor nos pague ca iso as nosas fatigas todas. As louvanzas distinguidas son dozuras exquisitas.

MESTRE DE MÚSICA

Concordo convosco, e tamén as eu saboreo. Non existe, con seguranza, nada tan afagador coma os aplausos dos que falades. Mais ese incenso non fai vivir. A simple louvanza non lle proporciona ao home acomodo: é preciso mesturar algo consistente, e o mellor xeito de louvar é louvar coas mans. É verdade que se trata dun home de poucas luces, que fala a torto e a dereito de todo e aplaude sempre a contrapé, mais o seu diñeiro endereita os xuízos da súa mente: a súa bolsa sabe discernir. As súas louvanzas son monetarias, e ese burgués ignorante vale para nós máis ca o distinguido señor que nos introduciu nesta casa.

MESTRE DE DANZA

Hai algo de certo no que dicides, mais atopo que cargades un pouco no diñeiro. E o interese é algo tan baixo que un home de ben non debe nunca amosar apego a el.

MESTRE DE MÚSICA

E mais vós ben contento recibides os cartos que o noso home vos dá.

MESTRE DE DANZA

De certo que si, mais non fundamento neles toda a miña felicidade: quixera que á par da riqueza tivese el tamén algo do bo gusto propio desas cousas.

MESTRE DE MÚSICA

Tamén o eu quixera, e é nese obxectivo no que traballamos vós e eu canto podemos. Mais, en todo caso, el está a nos proporcionar o medio de nos facermos coñecidos na sociedade, e ha pagar en lugar dos outros o que os outros han louvar en lugar del.

MESTRE DE DANZA

Velaí o vén.

ESCENA 2

O señor Jourdain en bata e pucho de noite, dous lacaios, mestre de Música, mestre de Danza, violinistas, músicos e danzantes.

O SEÑOR JOURDAIN

Entón, meus señores? Que foi? Ídesme amosar o voso enrediño?

MESTRE DE DANZA

Como? Que enrediño?

SEÑOR JOURDAIN

Pois o... Como é que lle chamades? O voso prólogo, ou diálogo, de cancións e de danza.

MESTRE DE DANZA

Ah! Ah!

MESTRE DE MÚSICA

Velaí nos tedes, preparados.

SEÑOR JOURDAIN

Fíxenvos agardar un pouquiño porque hoxe mandei que me vistan como as persoas de categoría e o meu xastre envioume unhas medias de seda que ben pensei non dar metido endexamais.

MESTRE DE MÚSICA

Nós estamos aquí unicamente á espera de que teñades vagar.

SEÑOR JOURDAIN

Rógovos aos dous que non vos vaiades até que me traian o meu traxe, a fin de que me poidades ver.

MESTRE DE DANZA

Faremos canto queirades.

SEÑOR JOURDAIN

Verédesme equipado como cómpre, dos pés á cabeza.

MESTRE DE MÚSICA

Non temos dúbida ningunha

SEÑOR JOURDAIN

Mandei que me fixesen esta seda.

MESTRE DE DANZA

É moi fermosa.

SEÑOR JOURDAIN

O meu xastre díxome que as persoas de categoría vestían así pola mañá.

MESTRE DE MÚSICA

Acáevos de maravilla.

SEÑOR JOURDAIN

Lacaíos! Ei, meus dous lacaios!

PRIMEIRO LACAIO

Que mandades, señor?

SEÑOR JOURDAIN

Nada. É para ver se me escoitades. *(Aos dous mestres)* Que dicides vós das miñas libreas?

MESTRE DE DANZA

Son magníficas

SEÑOR JOURDAIN *(Entreabre a súa bata e deixa ver unhas calzas estreitas de veludo vermello e mais unha camisola de veludo verde coas que vai vestido.)*

Velaquí tamén unha roupiña interior para facer os meus exercicios pola mañá.

MESTRE DE MÚSICA

É elegante.

SEÑOR JOURDAIN

Lacaio!

LACAIO

Señor?

SEÑOR JOURDAIN

Outro lacaios!

SEGUNDO LACAIO

Señor?

SEÑOR JOURDAIN *(tirando a bata)*

Sostédeme a bata. *(Aos dous mestres)* Atopádesme ben, así?

MESTRE DE DANZA

Moi ben. Mellor imposible.

SEÑOR JOURDAIN

Vexamos logo o voso traballiño.

MESTRE DE MÚSICA

Eu quixera previamente facervos escoitar unha melodía (*amosando o seu alumno*) que el acaba de compor para a serenata que me encargastes. É un dos meus alumnos que ten para esta caste de cousas un talento admirable.

SEÑOR JOURDAIN

Si, mais non era cousa de mandala facer por un alumno; non era un laboriño demasiado cativo para vós.

MESTRE DE MÚSICA

Non vos debe enganar a palabra “alumno”, meu señor. Esta caste de alumnos saben tanto coma os máis grandes mestres, e a melodía é tan boa como se puidera dar feito. Escoitade e veredes.

SEÑOR JOURDAIN

Dádeme a miña bata, para escoitar mellor... Agardade, penso que estarei mellor sen ela.... Non, dádemela outra vez, así ha estar mellor.

MÚSICO (*cantando*)

*Estou sempre a sufrir e a miña alma esmorece
pois tanto é o rigor co que Iris me fai penar.
En maltratando así a quen de amor devece:
Como será o trato para quen a fai chorar!*

SEÑOR JOURDAIN

Esta canción paréceme un pouco lúgubre. E fai durmir. Gustaríame que a volverades algo máis leda, cambiándoa algo polo principio e polo final.

MESTRE DE MÚSICA

Cómpre que a melodía concorde coa letra, meu señor.

SEÑOR JOURDAIN

Aprendéronme unha ben bonita hai algún tempo. Agardade... Era... Como é que di?

MESTRE DE DANZA

A fe que non sei!

SEÑOR JOURDAIN

Hai unha ovella, nela.

MESTRE DE DANZA

Unha ovella?

SEÑOR JOURDAIN

Si. Ah! (*O señor Jourdain canta*)

*Eu crin que Mariquiña
era mansa e xeitosa,
mansa cal de ovelliña
a súa cariña vin.*

Malpocado!

*É máis cruel, ben máis furiosa
Que a pantera máis ruín.*

Seica non é bonita?

MESTRE DE MÚSICA

A máis bonita do mundo

MESTRE DE DANZA

E vós cantádelo moi ben

SEÑOR JOURDAIN

E sen ter aprendido música!

MESTRE DE MÚSICA

Deberíades aprendela, meu señor, igual que aprendedes danza. Son dúas artes que teñen unha estreita relación entre elas.

MESTRE DE MÚSICA

E que abren a mente dun home ás cousas fermosas.

SEÑOR JOURDAIN

As persoas de categoría: aprenden tamén música?

MESTRE DE MÚSICA

Aprenden, señor.

SEÑOR JOURDAIN

Pois, daquela, heina aprender. Pero non sei que momento lle vou poder dedicar, porque a maiores do mestre de Esgrima que me ensina, aínda contratei un mestre de Filosofía que debe comezar esta mañá.

MESTRE DE MÚSICA

A filosofía é unha cousa importante, meu señor, mais a música, a música...

MESTRE DE DANZA

A música e mais a danza... A música e mais a danza é todo canto se precisa.

MESTRE DE MÚSICA

Non existe nada que sexa tan útil nun Estado como a música.

MESTRE DE DANZA

Non existe nada que lles sexa tan necesario aos homes como a danza.

MESTRE DE MÚSICA

Sen a música un Estado non pode subsistir.

MESTRE DE DANZA

Sen a danza, un home non daría feito nada,

MESTRE DE MÚSICA

As desordes e as guerras todas que se ven no mundo unicamente acontecen por non aprender música.

MESTRE DE DANZA

Os infortunios e os reveses funestos todos dos que as historias están cheas, os erros dos políticos e os fallos dos grandes capitáns, todo iso unicamente se produciu por non saber danzar.

SEÑOR JOURDAIN

Como é iso?

MESTRE DE MÚSICA

Seica a guerra non procede da falta de unión entre os homes?

SEÑOR JOURDAIN

É certo.

MESTRE DE MÚSICA

E se todos os homes aprendesen música: non sería a maneira de se concertaren todos e de ver no mundo a paz universal?

SEÑOR JOURDAIN

Tedes razón.

MESTRE DE DANZA

E cando un home cometeu un fallo na súa conduta, sexa nun asunto de familia ou no goberno dun Estado ou no mando dun exército, non se di sempre: "Fulano deu un mal paso en tal asunto"?

SEÑOR JOURDAIN

Dise, si.

MESTRE DE DANZA

E dar un mal paso pode proceder doutra cousa que de non saber danzar?

SEÑOR JOURDAIN

É certo. Tedes razón os dous.

MESTRE DE DANZA

É para que vexades a excelencia e a utilidade da danza e mais da música.

SEÑOR JOURDAIN

Agora o entendo.

MESTRE DE MÚSICA

Queredes ver os nosos traballos?

SEÑOR JOURDAIN

Quero

MESTRE DE MÚSICA

Xa volo dixen, é un pequeno ensaio que fixen no pasado sobre as diversas paixóns que pode expresar a música.

SEÑOR JOURDAIN

Perfecto.

MESTRE DE MÚSICA *(aos músicos)*

Vamos, avanzade. *(Ao señor Jourdain)* Cómpre que vos figuredes que van vestidos de pastores.

SEÑOR JOURDAIN

Por que pastores sempre? Non se ve máis ca iso por todas partes.

MESTRE DE DANZA

Cando se trata de facer falar en música a unhas persoas, é preciso, para que sexa verosímil, acudir ao pastoril. En todas as épocas se atribuíu o canto aos pastores, e non resulta natural no diálogo que uns príncipes ou uns burgueses canten as súas paixóns.

SEÑOR JOURDAIN

Pase, pase. Vexamos

DIÁLOGO EN MÚSICA

Unha música e dous músicos.

MÚSICA

*O amor o corazón abala
con permanentes preocupacións
e din que con pracer faino languidecer.
Mais, contra o que se fala,
a liberdade é a máis doce das nosas emocións.*

PRIMEIRO MÚSICO

*Non hai nada tan doce como a tenra paixón
que une nun corazón
dous seres benqueridos.
Non pode ser feliz quen non sente o amor
pois que sen eses garridos
a vida é só amargor.*

SEGUNDO MÚSICO

*Doce sería estar baixo a amorosa lei
se un confiase en Cupido, seu rei,
mais a verdade cruel
é que non hai unha pastora fiel.
E ese sexo inconstante e tan enganador
debera para sempre renunciar ao amor.*

PRIMEIRO MÚSICO

Fogo amoroso!

MÚSICA

Feliz franqueza!

SEGUNDO MÚSICO

Sexo enganador!

PRIMEIRO MÚSICO

Amo a túa beleza!

MÚSICA

Quérote, meu amor!

SEGUNDO MÚSICO

Cáusasme un gran pavor!

PRIMEIRO MÚSICO

*Afasta, para amar,
ese odio mortal!*

MÚSICA

*Pódoche eu amosar
unha pastora leal.*

SEGUNDO MÚSICO

Coitada! Onde a atopar?

MÚSICA

*Defendendo a nosa sona
douche o meu corazón.*

SEGUNDO MÚSICO

*Mais, pastora, miña dona:
quen garante ese teu don?*

MÚSICA

*Imos ver por experiencia
quen dos dous ama mellor.*

SEGUNDO MÚSICO

*Que a quen falle á súa conciencia
os deuses teñan rigor.*

OS TRES XUNTOS

*Por ardores tan fermosos
deixémonos inflamar
pois moi ben saben amar
dous corazóns xenerosos.*

SEÑOR JOURDAIN

Xa está todo?

MESTRE DE MÚSICA

Si

SEÑOR JOURDAIN

Paréceme ben arranxado e ten algunhas frases bonitiñas

MESTRE DE DANZA

Velaí, pola miña banda, un pequeno ensaio dos máis fermosos movementos e as máis fermosas actitudes cos que unha danza poida variar.

SEÑOR JOURDAIN

Son pastores, tamén?

MESTRE DE DANZA

Son o que vos praza. *(Aos danzantes)* Vamos.

ENTRADA DE BAILE

Catro danzantes executan todos os diferentes movementos e todas as clases de pasos que o mestre de danza lles ordena; e esta danza constitúe o primeiro intermedio.

ACTO II

ESCENA 1

Señor Jourdain, mestre de Música, mestre de Danza, lacaios.

SEÑOR JOURDAIN

Non é parvada ningunha. E esa xentiña reméxese moi ben.

MESTRE DE MÚSICA

Cando a danza se mesture coa música, aínda ha facer un maior efecto, e habedes atopar elegante o pequeno baile que combinamos para vós.

SEÑOR JOURDAIN

Pero ten que ser loguiño: a persoa para a que mandei facer todo iso vaime facer o honor de vir cear á miña casa.

MESTRE DE DANZA

Todo está a punto.

MESTRE DE MÚSICA

Polo demais, meu señor, isto non é suficiente: cómpre que unha persoa coma vós, que sodes magnificente e tedes inclinación cara ás cousas fermosas, teña un concerto de música na súa mansión todos os mércores ou todos os xoves.

SEÑOR JOURDAIN

As persoas de categoría téñeno?

MESTRE DE MÚSICA

Si, meu señor.

SEÑOR JOURDAIN

Pois, daquela, heino ter. Será fermoso?

MESTRE DE MÚSICA

Sen dúbida. Precisaredes tres voces, un tenor, un barítono e un baixo, que serán acompañadas por unha *viola da gamba*, unha tiorba e mais un clavecín para os baixos continuos, con dous violíns agudos para tocar os ritornelos.

SEÑOR JOURDAIN

Tamén se precisará unha trompeta mariña. A trompeta mariña é un instrumento que me gusta e que é harmonioso.

MESTRE DE MÚSICA

Deixádenos gobernar as cousas a nós.

SEÑOR JOURDAIN

Cando menos, non esquezades de me enviar loguiño os músicos para cantar á mesa.

MESTRE DE MÚSICA

Teredes o que precisades.

SEÑOR JOURDAIN

E sobre todo que o baile sexa bonito.

MESTRE DE MÚSICA

Ides estar contento. Entre outras cousas, de certos minuetos que habedes ver nel.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, os minuetos son a miña danza, quero que vexades como os bailo. Vamos, meu mestre.

MESTRE DE DANZA

Un chapeu, meu señor, facede o favor. *(O señor Jourdain vai coller o chapeu do seu lacaio e pono por riba do pucho de noite. O mestre cólleo polas mans e faino danzar sobre unha música de minuetto que el canta.)* La, la, la, la, la, la, la, la, la, la, la, la, bis. La, la, la, la, la, con cadencia, por favor. La, la, la, a perna dereita, la, la, la. Non me movades tanto os ombros, la, la, la, la, la. La, la, la, tedes os brazos tolleitos. La, la, la, la, erguede a cabeza, virade a fóra a punta do pé. La, la, la, dereito o corpo.

SEÑOR JOURDAIN

Eh?

MESTRE DE MÚSICA

Está perfecto.

SEÑOR JOURDAIN

A propósito. Aprendédeme a facer unha reverencia para saudar a unha marquesa. Vouno precisar loguiño.

MESTRE DE DANZA

Unha reverencia para saudar a unha marquesa?

SEÑOR JOURDAIN

Si, unha marquesa que se chama Dorimena.

MESTRE DE DANZA

Dádeme a man

SEÑOR JOURDAIN

Non, non é necesario. Heime lembrar ben.

MESTRE DE DANZA

Se queredes saudala con moito respecto, cómpre que fagades primeiro unha reverencia retrocedendo e despois camiñar cara a ela con tres reverencias ao avanzar, e na derradeira baixarvos até os seus xeonllos.

SEÑOR JOURDAIN

Facede, a ver. *(Despois de que o seu mestre de Danza ten feito tres reverencias)* . Ben!

O LACAIO

Señor, velaí está o voso mestre de Esgrima.

SEÑOR JOURDAIN

Dille que entre aquí para me dar clase. *(Ao mestre de Música e o mestre de Danza)*. Quero que vexades como fago.

ESCENA 2

Mestre de Esgrima, mestre de Música, mestre de Danza, señor Jourdain e un lacaió que sostén dous floretes.

MESTRE DE ESGRIMA *(despois de ter collido os dous floretes das mans do lacaió e de ter presentado un ao señor Jourdain)*

Vamos, meu señor, a reverencia. O voso corpo teso. Un pouco inclinado sobre a coxa esquerda. As pernas non tan separadas. Os vosos pés sobre unha mesma liña. O voso pulso en oposición á vosa cadeira. A punta da vosa espada ben en fronte do voso ombro. Sen estender o brazo totalmente. A man esquerda á altura do ollo. O ombro esquerdo máis en cuarta. A cabeza dereita. A ollada segura. Avanzade. O corpo firme. Tocádeme, a espada en cuarta e rematade igual. Unha, dúas. Recompoñede. Redobrade con pé firme. Unha, dúas. Un salto atrás. Cando dades a estocada, cómpre que a espada vaia diante e o corpo quede ben en segundo plano, señor. Unha, dúas. Vamos, tocádeme, a espada en terza e rematade igual. Avanzade. O corpo firme. Acometede. Unha, dúas. Recompoñede. Redobrade. Unha, dúas. Un salto atrás. En garda, señor, en garda!

(O mestre de Esgrima dálle dúas ou tres estocadas dicíndolle: “En garda!”)

SEÑOR JOURDAIN

Eh?

MESTRE DE MÚSICA

Facedes maravillas.

MESTRE DE ESGRIMA

Xa volo teño dito; o segredo todo das armas consiste só en dúas cousas: en dar e mais en non recibir. E -como xa vos fixen ver esoutro día con razón demostrativa- é imposible que vós recibades se sabedes desviar a espada do voso inimigo da liña do voso corpo. O que non depende senón dun pequeno movemento do pulso, cara a dentro ou cara a fóra.

SEÑOR JOURDAIN

Daquela deste xeito, un home, sen ser valente, pode estar seguro de matar ao seu adversario e de que non o maten a el?

MESTRE DE ESGRIMA

Sen dúbida. Non vistes xa a demostración?

SEÑOR JOURDAIN

Vin

MESTRE DE ESGRIMA

Niso se demostra a consideración da que nosoutros debemos gozar nun Estado, e como a ciencia das armas é moi superior a todas esas ciencias inútiles como a danza, a música, a...

MESTRE DE DANZA

A modo, señor manexador de armas. Non faledes da danza se non é con respecto.

MESTRE DE MÚSICA

Rógovos que aprendades a tratar mellor a excelencia da música.

MESTRE DE ESGRIMA

Sodes xente ben choqueira, comparardes as vosas ciencias coa miña!

MESTRE DE DANZA

Mirade que home tan importante!

MESTRE DE MÚSICA

Velaí un animal ben choqueiro, co seu plastrón!

MESTRE DE ESGRIMA

Meu mestriño de Danza, habíavos eu facer danzar como cómpre. E a vós, meu musiquiño, habíavos facer cantar dun xeito ben bonito

MESTRE DE DANZA

E a vós, meu Señor Mallanoferro, eu heivos aprender o voso oficio.

SEÑOR JOURDAIN

Estades tolo, irdes rifar con el, que domina a terza e a cuarta e que sabe matar un home con razón demostrativa!

MESTRE DE DANZA

Ríome eu da súa razón demostrativa, e mais da súa terza, e da súa cuarta.

SEÑOR JOURDAIN (*ao mestre de Danza*)

A modo, estouvos dicindo.

MESTRE DE ESGRIMA (*ao mestre de Danza*)

Como, impertinentiño?

SEÑOR JOURDAIN

Ei, meu mestre de Esgrima!

MESTRE DE DANZA (*ao mestre de Esgrima*)

Como, animalote?

SEÑOR JOURDAIN

Ei, meu mestre de Danza.

MESTRE DE ESGRIMA

Se me boto enriba vosa...

SEÑOR JOURDAIN (*ao mestre de Esgrima*)

A modiño...

MESTRE DE DANZA

Se vos poño a man enriba...

SEÑOR JOURDAIN (*ao mestre de Danza*)

A modo.

MESTRE DE DANZA

Douvos un repaso...

SEÑOR JOURDAIN (*ao mestre de Esgrima*)

Por favor...

MESTRE DE MÚSICA

Deixádenos un pouquiño que lle aprendamos a falar.

SEÑOR JOURDAIN (*ao mestre de Música*)

Meu Deus! Parade!

ESCENA 3

Mestre de Filosofía, mestre de Música, mestre de Danza, mestre de Esgrima, señor Jourdain, lacaios.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, señor filósofo, chegades moi a propósito coa vosa filosofía! Vide un pouquiño poñer paz entre estas persoas.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Entón, que foi? Que pasa, meus señores?

SEÑOR JOURDAIN

Encarraxáronse pola preferencia das súas profesións, até o punto de se diciren insultos e quereren chegar ás mans.

MESTRE DE FILOSOFÍA

O que, meus señores? Cómpre excitarse dese xeito? Seica non lestes o douto tratado que Séneca compuxo sobre a carraxe? Existe algo máis baixo e máis vergoñento que esta paixón, que fai dun home un feroz animal? Non debe a razón ser dona dos nosos movementos todos?

MESTRE DE DANZA

Como! O señor veunos insultar aos dous, desprezando a danza, que eu practico, e a música, que el profesa.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Un home sabio está por riba de todos os insultos que lle poidan dicir, e a gran resposta que se debe dar ás aldraxes é a moderación e a paciencia.

MESTRE DE ESGRIMA

Eles dous teñen a audacia de pretenderen comparar as súas profesións coa miña.

MESTRE DE FILOSOFÍA

E iso ten que vos perturbar? Non é sobre a presunción e sobre o rango sobre o que os homes deben discutir: o que nos distingue claramente uns dos outros é a sabedoría e a virtude.

MESTRE DE DANZA

Eu dígolle que a danza é unha ciencia á que endexamais se lle dá feito suficiente honor.

MESTRE DE MÚSICA

E eu, que a música é outra á que todos os séculos reverenciaron.

MESTRE DE ESGRIMA

E eu dígolles aos dous que a de manexar armas é a ciencia máis fermosa e máis necesaria de todas.

MESTRE DE FILOSOFÍA

E daquela, que ha ser a filosofía? Atópovos a todos tres ben impertinentes ao falardes diante miña con esa arrogancia, e ao dardes desvergoñadamente o

nome de ciencia a cousas ás que nin mesmo co nome de arte se debe honrar,
e que non poden ser comprendidas senón baixo o nome de oficio miserable
de gladiador, de cantante e de saltimbanqui!

MESTRE DE ESGRIMA

Fóra, condenado filósofo!

MESTRE DE MÚSICA

Fóra, pedante esfameado!

MESTRE DE DANZA

Fóra, fachendoso rematado!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Como! Sodes uns larcháns!...

(O filósofo bótase enriba deles e todos tres mállano a paus)

SEÑOR JOURDAIN

Señor filósofo!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Infames! Loubáns! Insolentes!

SEÑOR JOURDAIN

Señor filósofo!

MESTRE DE ESGRIMA

Unha peste coma a ese animal!

SEÑOR JOURDAIN

Meus señores!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Desvergoñados!

SEÑOR JOURDAIN

Señor filósofo!

MESTRE DE DANZA

O demontre leve a ese burro de carga!

SEÑOR JOURDAIN

Meus señores!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Criminosos!

SEÑOR JOURDAIN

Señor filósofo

MESTRE DE MÚSICA

Ao diaño co impertinente!

SEÑOR JOURDAIN

Meus señores!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Tunantes! Miserentos!, Traizoeiros! Impostores!

SEÑOR JOURDAIN

Señor filósofo! Meus señores! Señor filósofo! Meus señores! Señor filósofo!...
(*Eles saen baténdose*) Oh, batédevos canto queirades, eu non sei que lle facer e non vou ir derramar a miña bata para vos separar. Ben tolo estaría se me metese no medio deles para levar un golpe e mancarme.

ESCENA 4

Mestre de Filosofía, señor Jourdain, dous lacaios.

MESTRE DE FILOSOFÍA (*recompondo o colariño*)

Vamos coa nosa lección.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, meu señor, estou desgustado polos golpes que vos deron.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Non é nada. Un filósofo sabe recibir as cousas como cómpre, e vou compor contra eles unha sátira no estilo de Xuvenal que os ha deixar totalmente esnaquizados. Deixemos iso. Que queredes aprender?

SEÑOR JOURDAIN

Todo canto poida, porque teño todas as ganas do mundo de ser sabio. E arrabeo porque meu pai e miña nai non me teñan feito estudar ben todas as ciencias cando era novo.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Ese sentimento é sensato. *Nam sine doctrina vita est quasi mortis imago.* Entendédelo, non si? Sen dúbida coñecedes o latín.

SEÑOR JOURDAIN

Si, mais facede coma se non o coñecese. Explicádeme o que quere dicir.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Quere dicir que sen a ciencia a vida é case unha imaxe da morte.

SEÑOR JOURDAIN

Ese tal latín ten razón.

MESTRE DE FILOSOFÍA

E non tedes mesmo uns principios, uns rudimentos das ciencias?

SEÑOR JOURDAIN

Oh, si, sei ler e escribir.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Por onde desexades comezar? Queredes que vos aprenda a lóxica?

SEÑOR JOURDAIN

E que é esa lóxica?

MESTRE DE FILOSOFÍA

É a que ensina as tres operacións da mente.

SEÑOR JOURDAIN

Cales son esas tres operacións da mente?

MESTRE DE FILOSOFÍA

A primeira, a segunda e a terceira. A primeira é concibir ben por medio dos universais, a segunda vulgar ben por medio das categorías, e a terceira tirar ben a consecuencia por medio das figuras. *Barbara, Celarent, Darii, Ferio, Baralipon*, etc.

SEÑOR JOURDAIN

Velaí unhas palabras ríspidas abondo. Esa tal lóxica non me acae nadiña. Aprendamos algunha cousa máis bonita.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Desexades aprender a moral?

SEÑOR JOURDAIN

A moral?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Si.

SEÑOR JOURDAIN

E que di esa moral?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Trata da felicidade, ensínalles aos homes a moderaren as súas paixóns, e...

SEÑOR JOURDAIN

Non, deixemos iso. Son colérico de raios e non hai moral que resista, quero poder encarraxarme a fartar cando me veñan as ganas.

MESTRE DE FILOSOFÍA

É a física o que desexades aprender?

SEÑOR JOURDAIN

Que é o que conta esa física?

MESTRE DE FILOSOFÍA

É a que explica os principios das cousas naturais e as propiedades dos corpos. A que discorre sobre a natureza dos elementos, dos metais, dos minerais, das pedras, das plantas e dos animais, e nos ensina as causas de todos os meteoros, o arco do ceo, os fogos fatuos, os cometas, os lóstregos, o trebón, o raio, a chuvia, a neve, a sarabia, os ventos e os rodopíos.

SEÑOR JOURDAIN

Hai demasiado rebumbio nese asunto, demasiado entrambilicamento.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Que desexades, logo, que vos aprenda?

SEÑOR JOURDAIN

Aprendédeme a ortografía.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Con moito pracer

SEÑOR JOURDAIN

Despois habédesme aprender o almanaque, para saber cando hai lúa e cando non.

MESTRE DE FILOSOFÍA

De acordo. Para ben seguir o voso pensamento e tratar esta materia como filósofo, cómpre comezar, segundo a orde das cousas, por un exacto coñecemento da natureza das letras e da diferente maneira de pronuncialas todas. E niso teño que vos dicir que as letras divídense en vogais, así chamadas vogais porque expresan as voces, e mais en consoantes, así chamadas consoantes porque soan coas vogais e non fan senón marcaren as diversas articulacións das voces. Hai cinco vogais ou voces: A, E, I, O, U

SEÑOR JOURDAIN

Entendino todo.

MESTRE DE FILOSOFÍA

A voz A fórmase abrindo moito a boca: A

SEÑOR JOURDAIN

A, A. Si.

MESTRE DE FILOSOFÍA

A voz E fórmase achegando o maxilar inferior ao superior: A, E.

SEÑOR JOURDAIN

A, E; A, E. Abofé, si. Ah, que fermoso é isto!

MESTRE DE FILOSOFÍA

E a voz I, achegando aínda máis os maxilares un ao outro, e arredando os dous recantos da boca cara ás orellas.: A, E, I

SEÑOR JOURDAIN

A, E, I, I, I, I. É certo. Viva a ciencia!

MESTRE DE FILOSOFÍA

A voz O fórmase volviendo abrir os maxilares e achegando os beizos polos dous recantos e mais por enriba e por embaixo: O.

SEÑOR JOURDAIN

O, O. Non hai nada máis exacto. A, E, I, O, I, O. É asombroso! I, O, I, O.

MESTRE DE FILOSOFÍA

A abertura da boca fai exactamente un redondeliño que representa un O.

SEÑOR JOURDAIN

O, O, O. Tedes razón. O. Que bonita cousa é saber algunha cousa!

MESTRE DE FILOSOFÍA

A voz U fórmase achegando os dentes sen xuntalos enteiramente, e avanzando os dous beizos cara a fóra, achegándoos tamén un ao outro sen xuntalos completamente: U.

SEÑOR JOURDAIN

U, U. Non hai nada máis verdadeiro. U.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Os vosos dous beizos avanzan como se apupásedes, de onde vén que se llo queredes facer a alguén e burlarvos del non tedes máis que lle dicir U.

SEÑOR JOURDAIN

U, U. É certo. Ah, por que non tería eu estudado antes para saber todo isto!

MESTRE DE FILOSOFÍA

Mañá veremos as outras letras, que son as consoantes.

SEÑOR JOURDAIN

Seica hai nelas cousas tan curiosas como nestas?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Sen dúbida. A consoante D, por exemplo, pronúnciase dando coa punta da lingua encima dos dentes de enriba: DA.

SEÑOR JOURDAIN

DA, DA. Si. Ah, que cousas tan bonitas! Que cousas tan bonitas!

MESTRE DE FILOSOFÍA

O F apoiando os dentes de enriba sobre do beizo inferior: FA.

SEÑOR JOURDAIN

FA, FA. É verdade. Ah, meu pai e miña nai, moi mal vos quero!

MESTRE DE FILOSOFÍA

E o R, levando a punta da lingua até o ceo do padal, de xeito que ao ser ela rozada polo aire que sae con forza, cede ante el e regresa sempre ao mesmo lugar, facendo unha caste de tremor: R, ra.

SEÑOR JOURDAIN

R, r, ra; R, r, r, r, r, ra. É certo! Ah, que home tan habelencioso sodes! Canto tempo teño perdido eu! R, r, r, ra..

MESTRE DE FILOSOFÍA

Heivos explicar a fondo todas esas curiosidades.

SEÑOR JOURDAIN

Rógovos que o fagades. Polo demais, cómpre que vos faga unha confidencia. Estou namorado dunha persoa de moita categoría, e desexaría que me axudádeses a lle escribir algo nunha notiña que quero deixar caír aos pés dela.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Perfectamente.

SEÑOR JOURDAIN

Será unha cousa galante, si.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Sen dúbida. Son versos o que lle queredes escribir?

SEÑOR JOURDAIN

Non, non, nada de versos.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Non queredes máis que prosa.

SEÑOR JOURDAIN

Non, non quero nin prosa nin versos.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Ten que ser unha cousa ou a outra.

SEÑOR JOURDAIN

E logo?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Pola razón, meu señor, de que para expresarse non existe senón a prosa ou os versos.

SEÑOR JOURDAIN

Non existe senón a prosa ou os versos?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Non, meu señor: todo o que non é prosa é verso, e todo o que non é verso é prosa.

SEÑOR JOURDAIN

E como falamos: que é, daquela?

MESTRE DE FILOSOFÍA

Prosa.

SEÑOR JOURDAIN

O que? Cando eu digo “Nicole, tráeme as miñas pantufas e dáme o meu pucho de noite” é prosa?

MESTRE DE FILOSOFÍA

É, señor.

SEÑOR JOURDAIN

Abofé! Hai máis de corenta anos que falo en prosa sen sabelo. Son a persoa máis agradecida a vós do mundo enteiro por me terdes informado diso. Eu quixera, daquela, poñerlle nunha nota: “Fermosa marquesa, os vosos fermosos ollos fanme morrer de amor” mais quixera poñelo dunha maneira galante, que fose expresado con delicadeza.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Poñede que o lume dos seus ollos reduce a cinzas o voso corazón, que sufrides noite e día por ela a violencia dun...

SEÑOR JOURDAIN

Non, non, non, non quero nada diso, non quero máis que o que vos dixer: “Fermosa marquesa, os vosos fermosos ollos fanme morrer de amor.”

MESTRE DE FILOSOFÍA

Cómpre alongar un pouco a cousa.

SEÑOR JOURDAIN

Estouvos dicindo que non, quero só estas palabras na nota, mais expresadas con elegancia, ben arranxadas como cómpre. Rógovos que me digades, entón, para ver, as diferentes maneiras como se poden poñer.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Pódense primeiramente poñer como vós dixestes: “Fermosa marquesa, os vosos fermosos ollos fanme morrer de amor.” Ou ben: “De amor fanme morrer, fermosa marquesa, os vosos fermosos ollos.” Ou ben: “Os vosos ollos fermosos de amor fanme, fermosa marquesa, morrer.” Ou ben: “Morrer os vosos fermosos ollos, fermosa marquesa, fanme de amor.” Ou ben: “Fanme os vosos ollos fermosos morrer, fermosa marquesa, de amor.”

SEÑOR JOURDAIN

Pero de todas esas maneiras: cal é a mellor?

MESTRE DE FILOSOFÍA

A que vós dixestes: “Fermosa marquesa, os vosos fermosos ollos fanme morrer de amor.”

SEÑOR JOURDAIN

Fíxeno á primeira e mais nunca estudei. Agradézovos de todo corazón e rógovos que veñades mañá cedo.

MESTRE DE FILOSOFÍA

Non hei faltar.

(Sae)

SEÑOR JOURDAIN *(ao seu lacai)*

Como, aínda non chegou o meu traxe?

O LACAIO

Non, señor.

SEÑOR JOURDAIN

Ese maldito xastre faime agardar ben, nun día no que estou tan ocupado! Arrabeo. Que a febre cuartá pille ben pillado a ese verdugo do xastre! Ao díaño co xastre! Unha peste esgane ao xastre! Se eu o tivese agora, a ese odioso xastre, a ese condenado do xastre, a ese traidor do xastre, habíao...

ESCENA 5

Mestre xastre, aprendiz de xastre que leva o traxe do señor Jourdain, señor Jourdain, lacaios.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, velaí chegades! Xa ía eu encarraxarme con vós.

MESTRE XASTRE

Non puiden vir máis cedo. Puxen vinte mozos a traballar no voso traxe

SEÑOR JOURDAIN

Enviástesme unhas medias de seda tan estreitiñas que teño todas as dificultades do mundo para poñelas. Xa levo rompidas dúas mallas.

MESTRE XASTRE

Así tamén ceden.

SEÑOR JOURDAIN

Si, se é que sigo a romper mallas. Tamén me mandastes facer uns zapatos que me mancan moitísimo.

MESTRE XASTRE

Nada diso.

SEÑOR JOURDAIN

Como que nada diso?

MESTRE XASTRE

Non, non vos mancan.

SEÑOR JOURDAIN

Dígovos eu que me mancan.

MESTRE XASTRE

Imaxínádelo.

SEÑOR JOURDAIN

Imaxínoo porque me mancan. Mirade se non é unha boa razón!

MESTRE XASTRE

Tomade, velaí o traxe máis fermoso da corte. E o mellor combinado. É unha obra mestra ter inventado un traxe serio que non fose negro. Concédolles seis oportunidades aos máis ilustres xastres para que intenten facelo.

SEÑOR JOURDAIN

Que é isto? Puxestes as flores cara abaixo.

MESTRE XASTRE

Non me dixestes que as quixerades cara arriba.

SEÑOR JOURDAIN

E cómpre dicilo?

MESTRE XASTRE

Pois claro. Todas as persoas de categoría as levan así.

SEÑOR JOURDAIN

As persoas de categoría levan as flores cara abaixo?

MESTRE XASTRE

Levan, meu señor.

SEÑOR JOURDAIN

Ai, entón está ben!

MESTRE XASTRE

Se queredes póñoas cara arriba.

SEÑOR JOURDAIN

Non, non.

MESTRE XASTRE

Non tedes máis ca dicilo.

SEÑOR JOURDAIN

Xa vos dixen que non, fixestes ben. Coidades que o vestido me acairá?

MESTRE XASTRE

Que pregunta! Desafío a un pintor a que co seu pincel vos faga nada máis exacto. Teño no meu obradoiro un rapaz que para cortar un calzón é o xenio máis grande do mundo. E outro que para coser un chaleque é o heroe do noso tempo.

SEÑOR JOURDAIN

A perruca e as plumas son como cómpre?

MESTRE XASTRE

Todo está ben.

SEÑOR JOURDAIN (*mirando para o traxe do xastre*)

Ai, ai, señor xastre! Ese é o meu pano, o do último traxe que me fixestes. Recoñezoo ben.

MESTRE XASTRE

É que o pano pareceume tan bonito que quixen facer con el un traxe para min

SEÑOR JOURDAIN

Si, pero non o había que facer co meu.

MESTRE XASTRE

Queredes poñer o voso traxe?

SEÑOR JOURDAIN

Dádemo, si.

MESTRE XASTRE

Agardade. Non se fai así. Trouxen xente para vos vestir cadenciosamente. Esta caste de traxes póñense con cerimonia. Ei, vós, entrade! Poñédelle este traxe ao señor da maneira en que o facedes coas persoas de categoría.

(Entran catro aprendices de xastre, dous deles arráncanlle o calzón dos seus exercicios e outros dous a camisola, despois póñenlle o seu traxe novo e o señor Jourdain paséase entre eles e amósalles o seu traxe para ver se está ben. Todo se fai baixo a cadencia de toda a sinfonía.)

APRENDIZ DE XASTRE

Meu fidalgo, rógovos que lles deades algo aos aprendices para beber.

SEÑOR JOURDAIN

Como me chamades?

APRENDIZ DE XASTRE

Meu fidalgo.

SEÑOR JOURDAIN

“Meu fidalgo!” Velaí o que trae o vestirse como unha persoa de categoría! Quedade sempre vestido de burgués e non vos han dicir: “Meu fidalgo” *(Dando diñeiro)* Tomade, velaí por ese “Meu fidalgo”.

APRENDIZ DE XASTRE

Señoría, estamosvos ben agradecidos.

SEÑOR JOURDAIN

“Señoría!” Oh, oh! “Señoría!” Agardai, meu amigo. Ese “Señoría” merece algo. Non é palabra pequena a de “Señoría”. Tomai, velaí o que Señoría vos dá.

APRENDIZ DE XASTRE

Señoría, imos todos beber á saúde de Vosa Excelencia.

SEÑOR JOURDAIN

“Vosa Excelencia!” Oh, oh, oh! Agardade, non vos vaiades. A min “Vosa Excelencia”! *(En baixo, aparte.)* Abofé que se chega a Alteza vaime levar a bolsa toda. *(En alto)* Tomai, velaí pola miña Excelencia.

APRENDIZ DE XASTRE

Agradecemos moi humildemente á súa Señoría por tanta liberalidade.

SEÑOR JOURDAIN

Fixo ben, eu xa ía darlle todo.

(Os catro aprendices de xastre expresan a alegría a través dunha danza que serve de segundo intermedio.)

ACTO III

ESCENA 1

Señor Jourdain, dous lacaios.

SEÑOR JOURDAIN

Seguídeme, vou amosar o meu traxe un pouco polas rúas. E por riba de todo tende coidado de camiñardes os dous pegadiños a min, para que se vexa que sodes lacaios meus.

LACAIOS

Si, señor

SEÑOR JOURDAIN

Ídeme chamar a Nicole, que lle quero mandar unhas cousas. Quietiños, velaí está.

ESCENA 2

Nicole, señor Jourdain, dous lacaios.

SEÑOR JOURDAIN

Nicole!

NICOLE

Que manda o señor?

SEÑOR JOURDAIN

Escoitade.

NICOLE

Hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

De que ris?

NICOLE

Hi, hi, hi, hi! Hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Que quere dicir esta lampantina?

NICOLE

Hi, hi, hi! Que adobiado estades! Hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Como dis?

NICOLE

Ha, ha, meu Deus! Hi, hi, hi! Hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Mira a lercha esa! Búrlaste de min?

NICOLE

Nada diso, señor, habíame pesar ben! Hi, hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Vouche dar nos fociños se ris aínda.

NICOLE

Señor, é que non podo parar. Hi. hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Acabarás?

NICOLE

Pídovos perdón, señor, pero é que estades tan gracioso que non me dou aguantado de rir. Hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Vouche...

NICOLE

Pídovos desculpas. Hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Veña, se ris máis, mesmo que sexa unha chisquiña, xúroche que che dou na cara a labazada máis grande que nunca se ten dado.

NICOLE

Xa está, señor, non hei rir máis.

SEÑOR JOURDAIN

Ten boa conta. Cómpre que teñas limpo de contadiño....

NICOLE

Hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Que teñas limpísimo...

NICOLE

Hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Estouche dicindo que cómpre que teñas limpo o salón, e...

NICOLE

Hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Aínda?

NICOLE (*caíndo a poder de rir*)

Vaia, señor, zoupádeme se queredes e deixádeme rir a cachón; hame facer ben. Hi, hi, hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Arrabeo!

NICOLE

Por piedade, señor, rógovos que me deixedes rir. Hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Se te pillo...

NICOLE

Señor...or, vou rebentar...ar, se non río. Hi, hi, hi!

SEÑOR JOURDAIN

Pero viuse algunha vez unha moinanta coma esa, que vén descaradamente rirse de min nos meus fociños en lugar de executar as miñas ordes?

NICOLE

Que queredes que lle faga, señor?

SEÑOR JOURDAIN

Que vaias correndo preparar a miña casa para a visita que vai vir decontadiño, loubana.

NICOLE (*erguéndose*)

Abofé que xa non teño ganas de rir. Todas as vosas visitas provocan aquí tanta desorde que abonda con esa palabra para poñerme de mal humor.

SEÑOR JOURDAIN

Por ti seica debería pecharlle a porta a todo o mundo.

NICOLE

Cando menos deberíadeslla pechar a certas persoas.

ESCENA 3

Señora Jourdain, señor Jourdain, Nicole, dous lacaios

SEÑORA JOURDAIN

Ha, ha, velaí outro conto! Entón, que é todo ese equipamento, meu marido? Estadés a vos burlar da xente ao vos facerdes aparellar así? Seica tedes ganas de que se rían de vós en todas as partes?

SEÑOR JOURDAIN

Só os parvos e as parvas hanse rir de min, miña muller.

SEÑORA JOURDAIN

De certo que non agardaron a este momento. Xa hai ben tempo que as vosas maneiras de comportarvos fan rir á xente toda

SEÑOR JOURDAIN

E quen vén sendo esa xente toda? Facede o favor de mo dicir.

SEÑORA JOURDAIN

Pois esa xente toda é unha xente que ten razón e é máis asisada ca vós. Canto a min, estou escandalizada pola vida que levades. Xa non sei que cousa é a nosa casa. Diríase que aquí é Entroido todos os días. E dende a mañanciña, por medo a que el falte, síntese todo un estroncio de violíns ou de cantantes que molestan á veciñanza toda.

NICOLE

A señora fala ben. Xa non dou feito a limpeza con ese trupelo de xente que vós facedes vir á vosa casa. Teñen uns pés que van arrepañando lama por todas as rúas da cidade para a pousar aquí. E á pobre Françoise cústalle ferro e fariña fregar o chan que os vosos distinguidos amigos veñen emporcallar regularmente cada día.

SEÑOR JOURDAIN

Oi, nosa criada Nicole, tedes o peteiro ben afiado para serdes da aldea!

SEÑORA JOURDAIN

Nicole leva razón, e ten máis sentido ca vós. Gustaríame ben saber o que pensades facer cun mestre de Danza, á vosa idade.

NICOLE

E cun manexador de armas que cos seus patadóns pon a casa patas arriba e levanta as lousas todas do salón.

SEÑOR JOURDAIN

Calade, miña criada e mais miña muller.

SEÑORA

Seica queredes aprender a bailar para cando xa non teñades pernas?

NICOLE

Seica tedes ganas de matar a alguén?

SEÑOR JOURDAIN

Dígovos que caledes. Sodes unhas ignorantes, unha e mais outra, e non coñecedes as prerrogativas de todo iso.

SEÑORA JOURDAIN

Mellor fora que pensarades en casar a vosa filla, que está en idade de merecer.

SEÑOR JOURDAIN

Hei pensar en casar a miña filla cando se presente un bo partido para ela; mais tamén quero pensar en aprender as cousas fermosas.

NICOLE

Tamén sentín dicir que, aínda por riba, hoxe colleu un mestre de Filosofía, señora.

SEÑOR JOURDAIN

Perfectamente. Quero ter enxeño e saber razoar sobre as cousas no medio da xente de sociedade.

SEÑORA JOURDAIN

E non ides ir un destes días ao colexio para que vos zoupen coa vara, aos vosos anos?

SEÑOR JOURDAIN

E logo por que non? Quixera Deus que me zoscasen coa vara diante de todo o mundo e soubese o que se aprende no colexio.

SEÑORA JOURDAIN

Abofé que habiades andar mellor.

SEÑOR JOURDAIN

Sen dúbida..

SEÑORA JOURDAIN

Todo iso é moi necesario para gobernar a vosa casa.

SEÑOR JOURDAIN

Ben seguro. Falades ambas as dúas como parvas e avergóñome da vosa ignorancia. (*Á señora Jourdain.*) Por exemplo: sabedes vós o que estades a dicir arestora?

SEÑORA JOURDAIN

Si, sei que o que estou a dicir está moi ben dito e que vós deberiades pensar en vivir doutro xeito.

SEÑOR JOURDAIN

Non falo diso. Pregúntovos o que son as palabras que estades a dicir agora.

SEÑORA JOURDAIN

Son palabras ben sensatas e a vosa conduta non a é moito.

SEÑOR JOURDAIN

Dígovos que non falo diso. Estouvos preguntando: o que eu falo convosco, o que vos digo neste momento, que é o que é?

SEÑORA JOURDAIN

Cantarelas.

SEÑOR JOURDAIN

Non, non é iso. O que estamos a dicir os dous, a linguaxe que falamos neste momento.

SEÑORA JOURDAIN

Que ten?

SEÑOR JOURDAIN

Como é que se chama?

SEÑORA JOURDAIN

Chámase como se lle queira chamar.

SEÑOR JOURDAIN

É prosa, ignorante.

SEÑORA JOURDAIN

Prosa?

SEÑOR JOURDAIN

Prosa, si. Todo o que é prosa non é verso, e todo o que non é verso non é prosa. Ehem! Velaí o que é estudar. (*A Nicole*) E ti: sabes como cómpre facer para dicir un U?

NICOLE

Como?

SEÑOR JOURDAIN

Si, que é o que fas cando dis un U?

NICOLE

O que?

SEÑOR JOURDAIN

Di U, para ver.

NICOLE

Pois, U.

SEÑOR JOURDAIN

Que é o que fas?

NICOLE

Digo U.

SEÑOR JOURDAIN

Si, pero cando dis U, que é o que fas?

NICOLE

Fago o que vós me dicides.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, que cousa tan desesperante ter que tratar con pasmonas! Avanzas os beizos cara a fóra e achegas o maxilar superior ao inferior: U, velo? Estou apupando: U

NICOLE

Ai, ho, é ben bonito!

SEÑORA JOURDAIN

É cousa asombrosa!

SEÑOR JOURDAIN

É aínda hai moitas máis. Se tivésedes visto O, e DA, DA, e FA, FA.

SEÑORA JOURDAIN

Que é todo esa leria?

NICOLE

De que cura todo iso?

SEÑOR JOURDAIN

Arrabeo cando vexo mulleres ignorantes.

SEÑORA JOURDAIN

Deberíades mandar a paseo a toda esa xentiña coas súas andrómenas.

NICOLE

E sobre todo a ese mangallón do mestre de Esgrima, que enche de lixo todo o que eu limpo.

SEÑOR JOURDAIN

Ai, o tal mestre de Esgrima impórtavos moito! Vouche facer pagar a túa impertinencia de contado. *(Manda traer dous floretes e dálle un a Nicole.)* Ten. Razón demostrativa. A liña do corpo. Cando un ataca en cuarta non ten máis que facer así, e cando ataca en terza non ten máis que facer así. Velaí a forma de que non te maten nunca. Seica non é bonito, ter seguridade total, cando un se bate contra alguén? Dálle, atácame un pouco para ver.

NICOLE

Pois veña, o que! *(Nicole aséstalle varios golpes)*

SEÑOR JOURDAIN

Ei, a modo! Opa! Ho! Devagariño! O demo leve a esta loubana!

NICOLE

Vós dicídesme que ataque.

SEÑOR JOURDAIN

Si, pero ti atácasme en terza antes de atacares en cuarta e non agardas a que eu pare o golpe.

SEÑORA JOURDAIN

Estades toliño coas vosas fantasías, meu marido, e isto acontecévos dende que vos deu por frecuentar a nobreza.

SEÑOR JOURDAIN

Cando eu frecuento a nobreza fago aparecer o meu xuízo, e a cousa é ben máis bonita ca frecuentar a vosa burguesía.

SEÑORA JOURDAIN

Éche ben certo! Hai moitísimo que gañar frecuentando os vosos nobres, e tedes obrado moi ben con ese elegante señor conde do que vos encaprichastes...

SEÑOR JOURDAIN

Silencio! Coidado co que dicides. Sabedes que non sabedes de quen falades cando falades del, miña muller? É unha persoa de maior importancia da que vós pensades; un nobre considerado na corte e que fala co rei igual que eu estou falando convosco. Seica non é un honor para min que vexan vir á miña casa con tanta frecuencia unha persoa desa categoría que me chama seu benquerido amigo e me trata como se eu fose do seu mesmo rango? Ten

comigo atencións imposibles de imaxinar, e diante de todo o mundo faime aloumiños que mesmo me deixan confuso.

SEÑORA JOURDAIN

Si, ten atencións convosco e faivos aloumiños, pero lévavos os vosos cartos.

SEÑOR JOURDAIN

E que? Non é para min un honor prestarlle diñeiro a un home desa condición? Podo eu facer menos por un gran señor que me chama seu benquerido amigo?

SEÑORA JOURDAIN

E ese gran señor: que é que fai por vós?

SEÑOR JOURDAIN

Cousas que asombrarían se as souberan.

SEÑORA JOURDAIN

O que?

SEÑOR JOURDAIN

Basta! Non podo estenderme, abonda con dicir que se eu lle prestei diñeiro, el hamo volver, e antes de pouco.

SEÑORA JOURDAIN

Si, esperade por iso.

SEÑOR JOURDAIN

Ben seguro. Ou seica non mo dixo?

SEÑORA JOURDAIN

Si, si, non deixará de faltar.

SEÑOR JOURDAIN

Deume a súa palabra de fidalgo.

SEÑORA JOURDAIN

Cantarelas!

SEÑOR JOURDAIN

Ah, sodes ben teimuda, miña muller! Dígovos que ha cumprir a súa palabra, estou seguro.

SEÑORA JOURDAIN

E eu estou segura de que non, e de que todos eses aloumiños que vos fai non son senón para vos engaiolar.

SEÑOR JOURDAIN

Calade. Velo aí está.

SEÑORA JOURDAIN

Non nos falta máis ca iso. Se cadra vén pedirvos outro préstamo máis. Sempre que o vexo, paréceme que xa comín.

SEÑOR JOURDAIN

Dígovos que caledes.

ESCENA 4

Dorante, señor Jourdain, señora Jourdain, Nicole.

DORANTE

Meu benquerido amigo señor Jourdain: como vos vai?

SEÑOR JOURDAIN

Perfectamente, meu señor, para vos servir no pouquiño que podo.

DORANTE

E a señora Jourdain que temos aquí: como vai?

SEÑORA JOURDAIN

A señora Jourdain vai como pode.

DORANTE

Como, señor Jourdain! Estadese feito a persoa máis elegante do mundo!

SEÑOR JOURDAIN

Xa vedes.

DORANTE

Tedes un aspecto magnífico con ese traxe. Non hai na corte mozo con maior apostura ca vós.

SEÑOR JOURDAIN

Hem! Hem!

SEÑORA JOURDAIN *(á parte)*

Estalle rañando onde lle proe.

DORANTE

Viraivos. É elegantísimo

SEÑORA JOURDAIN *(á parte)*

Si, tan parvo por detrás como por diante.

DORANTE

A fe, señor Jourdain, que eu tiña unha impaciencia extraordinaria por vos ver. Sodes o home que máis estimo no mundo e aínda esta mañá falaba de vós no cuarto do rei.

SEÑOR JOURDAIN

Facédesme un gran honor, señor! (*Á señora Jourdain*) No cuarto do rei!

DORANTE

Vamos, poñédeo!...

SEÑOR JOURDAIN

Meu señor, sei ben o respecto que vos debo.

DORANTE

Por Deus, poñédeo; nada de cerimoniais entre nós, por favor.

SEÑOR JOURDAIN

Meu señor...

DORANTE

Dígovos que o poñades, señor Jourdain. Sodes meu amigo.

SEÑOR JOURDAIN

Meu señor, son voso servidor.

DORANTE

Non me hei cubrir eu se vós non vos cubrides.

SEÑOR JOURDAIN (*cubríndose*)

Prefiro ser descortés antes que importuno.

DORANTE

Como sabedes débovos diñeiro.

SEÑORA JOURDAIN (*á parte*)

Si, si, sabémolo abondo.

DORANTE

Vós tédesme prestado cartos xenerosamente en varias ocasións, e agora estouvos obrigado por ese favor que con certeza fixestes de grado.

SEÑOR JOURDAIN

Señor, burládesvos de min.

DORANTE

Mais sei volver o que me prestan e recoñecer os agarimos que me fan.

SEÑOR JOURDAIN

Non teño a menor dúbida, meu señor.

DORANTE

Quero liquidar o asunto que teño convosco, e veño aquí para que fagamos xuntos as contas.

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo, á señora Jourdain*)

Entón, vedes a vosa impertinencia, miña muller?

DORANTE

Son home que trato de liberarme o máis axiña que podo.

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo, á señora Jourdain*)

Xa volo dicía eu.

DORANTE

Lembrádesvos ben de todo o diñeiro que me prestastes?

SEÑOR JOURDAIN

Penso que si. Levo un pequeno rexistro. Velaquí está. “Dado a vós unha vez dous centos luíses”.

DORANTE

É verdade.

SEÑOR JOURDAIN

Outra vez, cento vinte.

DORANTE

Si.

SEÑOR JOURDAIN

E nunha ocasión, cento corenta.

DORANTE

Tedes razón.

SEÑOR JOURDAIN

Estas tres partidas suman catrocentos sesenta luíses, o que veñen sendo cinco mil sesenta libras.

DORANTE

A conta é totalmente exacta. Cinco mil sesenta libras.

SEÑOR JOURDAIN

Mil oitocentas trinta e dúas libras ao voso fornecedor de plumas.

DORANTE

Xusto.

SEÑOR JOURDAIN

Dúas mil setecentas oitenta libras ao voso xastre.

DORANTE

É certo

SEÑOR JOURDAIN

Catro mil trescentas setenta e nove libras, seis reais e tres cuartos ao voso provedor.

DORANTE

Perfectamente. Seis reais e tres cuartos, a conta é exacta.

SEÑOR JOURDAIN

E mil setecentas corenta e oito libras, tres reais e un cuarto ao voso correeiro

DORANTE

É certo, todo iso. Canto vén sendo?

SEÑOR JOURDAIN

Suma total, quince mil oitocentas libras.

DORANTE

Suma total exacta: quince mil oitocentas libras. Poñede outros douscentos luíses que me ides dar e suma exactamente dezaoto mil libras que vos hei pagar no primeiro día.

SEÑORA JOURDAIN (*en baixo, ao señor Jourdain*)

Entón: non o adiviñara eu ben?

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo á señora Jourdain*)

Silencio!

DORANTE

Cáusavos algún trastorno, dar-me o que vos digo?

SEÑOR JOURDAIN

Non, non.

SEÑORA JOURDAIN (*en baixo, ao señor Jourdain*)

Ese home fai de vós unha vaca leiteira.

SEÑOR JOURDAIN (*á señora Jourdain*)
Calade!

DORANTE
Se vos causa algún trastorno vouno buscar noutra parte.

SEÑOR JOURDAIN
Non, non, señor.

SEÑORA JOURDAIN (*en baixo, ao señor Jourdain*)
Non ha estar contento até que vos teña arruinado.

SEÑOR JOURDAIN (*á señora Jourdain*)
Dígovos que caledes.

DORANTE
Non tedes máis que mo dicir, se vos causa algunha complicación.

SEÑOR JOURDAIN
En absoluto, señor.

SEÑORA JOURDAIN (*en baixo, ao señor Jourdain*)
É un verdadeiro engaiolador.

SEÑOR JOURDAIN (*en voz baixa, á señora Jourdain*)
Calade xa!

SEÑORA JOURDAIN (*en voz baixa, ao señor Jourdain*)
Havos chuchar até o derradeiro pataco.

SEÑOR JOURDAIN (*en voz baixa, ao señor Jourdain*)
Non daredes calado!

DORANTE
Teño moitos coñecidos que mo habían prestar de bo grado, mais, como vós sodes o meu mellor amigo, pensei que vos faría mal se llo pedira a algún outro.

SEÑOR JOURDAIN
Facédesme un honor demasiado grande, meu señor. Vou en procura do voso asunto.

SEÑORA JOURDAIN (*en voz baixa, ao señor Jourdain*)
O que? Aínda lle ides dar tamén iso?

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo, á señora Jourdain*)
E que hei facer? Queredes que rexeite a un home desa categoría, que falou de min esta mañá no cuarto do rei?

SEÑORA JOURDAIN (*en baixo, ao señor Jourdain*)
Ai, ho, sodes un verdadeiro pimpín!

ESCENA 5
Dorante, señora Jourdain, Nicole.

DORANTE
Véxovos moi melancólica. Que tedes, señora Jourdain?

SEÑORA JOURDAIN
Teño a cabeza como un bombo. E mais non está inchada.

DORANTE
E a vosa distinguida filla, onde está, que non a vexo?

SEÑORA JOURDAIN
A miña distinguida filla está ben onde está.

DORANTE
E como vai?

SEÑORA JOURDAIN
Vai enriba das súas pernas.

DORANTE
Non queredes vir con ela un día destes ver o baile e a comedia que presentan no palacio do rei?

SEÑORA JOURDAIN
Si, de certo que temos moitas ganas de rir, moitas ganas de rir temos.

DORANTE
Coido, miña señora, que vós tivestes moitos namorados cando erades nova, tan fermosa e de tan agradable humor como erades.

SEÑORA JOURDAIN
María Santísima! Seica a señora Jourdain está decrépita e a cabeza xa lle dá voltas, meu señor?

DORANTE
Oh! A fe, miña señora: pídivos perdón. Non pensaba eu en que sodes nova; ando abstraído o máis do tempo. Rógovos que desculpedes a miña impertinencia.

ESCENA 6

Señor Jourdain, señora Jourdain, Dorante, Nicole.

SEÑOR JOURDAIN (*a Dorante*)

Velaí douscentos luíses ben contados

DORANTE

Asegúrovos, señor Jourdain, que estou totalmente á vosa disposición e que ardo por vos facer algún valemto na corte.

SEÑOR JOURDAIN

Quédovos moi obrigado.

DORANTE

Se a señora Jourdain quere ver o pasatempo real, hei facer que lle dean os mellores lugares da sala.

SEÑORA JOURDAIN

A señora Jourdain bícavos as mans.

DORANTE (*en baixo ao señor Jourdain*)

A nosa fermosa marquesa, como xa vos informei pola miña misiva, ha vir aquí loguiño para o baile e o xantar. E logrei que finalmente consentise no regalo que lle queredes dar.

SEÑOR JOURDAIN

Debémonos afastar un pouquiño.

DORANTE:

Hai oito días que non vos vexo, e non vos mandei novas do diamante que me puxestes entre as mans para llo entregar como presente voso, mais foi porque tiveron todas as dificultades do mundo para poder vencer os seus escrúpulos, e só foi hoxe cando se decidiu a aceptalo.

SEÑOR JOURDAIN

E como o atopou?

DORANTE

Maravilloso, e moito me engano ou a fermosura dese diamante ha facer por vós un efecto asombroso no seu espírito.

SEÑOR JOURDAIN

Tal prouguese ao ceo!

SEÑORA JOURDAIN *(a Nicole)*

Unha vez que está con el, xa non se dá separado.

DORANTE

Fixen valer diante dela como cómpre a riqueza dese regalo e a grandeza do voso amor.

SEÑOR JOURDAIN

Son atencións que me abruman, señor; e estou na máis grande confusión do mundo ao ver unha persoa da vosa categoría abaixarse por min até onde vós o facedes.

DORANTE

Burládesvos? Seica entre amigos un se para nese tipo de escrúpulos? Non habiades facer vós por min o mesmo se a ocasión se presentase?

SEÑOR JOURDAIN

Oh, de certo que si, e de todo corazón.

SEÑORA JOURDAIN

Como me pesa no lombo, que el estea aquí!

DORANTE

Eu non reparo en nada cando cómpre servir a un amigo. E no momento en que vós me fixestes a confianza do ardor que concibirades por esta agradable marquesa que eu trataba, ben vistes que de primeiras me ofrecín eu mesmo para servir ao voso amor.

SEÑOR JOURDAIN

É certo, son atencións que me confunden.

SEÑORA JOURDAIN

Non ha marchar de vez!

NICOLE

Atópanse ben, xuntos.

DORANTE

Vós utilizastes a vía axeitada para tocar o seu corazón. Ás mulleres gústanlles que fagan gastos por elas, e as vosas frecuentes serenatas, os vosos ramos continuos, ese soberbio fogo de artificio que se fixo sobre a auga, o diamante que recibiu da vosa parte e mais o regalo que lle preparades, falan todos eles en prol do voso amor moito mellor que calquera fala que lle puiderades ter dito vós en persoa.

SEÑOR JOURDAIN

Non existe gasto que eu non fixese se con el dera atopado o camiño do seu corazón. Unha muller de categoría ten para min encantos sedutores, e é un honor que eu mercaría a calquera prezo que fose.

SEÑORA JOURDAIN *(a Nicole)*

Que poden falar tanto entre eles ? Vai amodiño escoitar un pouco.

DORANTE

Moi axiña poderedes gozar a xeito do pracer da súa visión e os vosos ollos han dispor de todo o tempo para se satisfaceren.

SEÑOR JOURDAIN

Para estar totalmente libre, fixen de maneira que a miña muller vaia xantar á casa da súa irmá, onde ha pasar toda a tarde.

DORANTE

Obrastes prudentemente: a vosa muller podería ternos causado complicacións. Xa eu lle dei por vós ao cociñeiro as ordes precisas e mandei todo o que é necesario para o baile. É invención miña, e con tal de que a súa execución responda á idea, estou seguro de que o ha atopar...

SEÑOR JOURDAIN *(decátase de que Nicole anda a escoitar e dálle unha labazada)*

Ei! Sodes ben impertinente! *(A Dorante.)* Facede o favor, ímonos.

ESCENA 7

Señora Jourdain, Nicole.

NICOLE

Abofé, señora, a curiosidade custoume algo. A min chéirame a can: están a falar dun asunto no que non queren que andedes polo medio.

SEÑORA JOURDAIN

Xa veño sospeitando do meu marido, Nicole: non é cousa de hoxe. Ou son a persoa que máis se engana no mundo ou hai algún amor á vista. Intento descubrir o que pode ser. Mais pensemos na miña filla. Ti ben sabes o amor que Cleonte ten por ela. É un home que me agrada e quero axudar a súa pretensión e darlle a Lucile, se é que pode.

NICOLE

De verdade, señora, que son a persoa máis encantada do mundo ao vos ver eses sentimentos. Porque se a vós vos agrada o amo, a min o criado non me agrada menos, e desexaría que o noso casamento puidese facerse ao abeiro do deles.

SEÑORA JOURDAIN

Vaile falar da miña parte e dicirlle que veña verme decontado para lle facermos xuntos ao meu marido a petición da miña filla.

NICOLE

Vou correndiño moi contenta, señora,. Non podía recibir un mandado máis agradable. (Soa.) Vou alegrar ben a esa xente, penso eu.

ESCENA 8

Cleonte, Covielle, Nicole.

NICOLE *(a Cleonte)*

Ah! Chegades moi a propósito. Son embaixadora de alegría e veño...

CLEONTE

Atrás, pérfida, non me veñas distraer coas túas traidoras palabras.

NICOLE

Así é como recibides....?

CLEONTE

Atrás, estouche dicindo.Vaile dicir axiña á túa infiel ama que nunca na vida se ha burlar do demasiado sinxelo Cleonte.

NICOLE

Que vértola vos entrou? Meu pobre Covielle, dime logo o que quere dicir iso.

COVIELLE

O teu pobre Covielle, criminaliña! Veña, rápido, arrédate da miña vista e déixame en paz.

NICOLE

O que! Ti tamén me vés...?

COVIELLE

Dígoche que te arredes da miña vista e non me fales na túa vida.

NICOLE *(á parte)*

Ai, ho! Que mosca lles picaría aos dous? Vamos informar desta bonita historia á miña ama.

ESCENA 9

Cleonte, Covielle.

CLEONTE

O que! Tratar dese xeito a un namorado? E o namorado máis fiel e amante de todos os namorados?

COVIELLE

É unha cousa espantosa, a que nos fixeron aos dous.

CLEONTE

Fago ver por unha persoa todo o ardor e toda a dozura que se pode imaxinar. Non amo nada no mundo como a amo a ela, e só a ela teño na miña mente. Ela é o centro de todos os meus coidados e os meus desexos, de toda a miña ledicia. Non falo senón dela, non penso senón nela, non soño senón con ela, non alento senón por ela, todo o meu corazón vive nela. E velaí a digna recompensa de tanto agarimo! Estou dous días sen vela –que para min son dous terribles séculos- atópoa por casualidade, o meu corazón ao vela síntese transportado, a miña alegría estoupa na miña cara, vou voando encantado cara a ela... e a infiel desvíase de min a ollada e pasa bruscamente como se endexamais na súa vida me tivese visto!

COVIELLE

Digo as mesmas cousas ca vós.

CLEONTE

Pódese ver cousa igual á perfidia desa ingrata de Lucile, Covielle?

COVIELLE

E á da moinanta de Nicole, señor?

CLEONTE

Despois de tantos sacrificios ardentes, de tantos salaios e promesas como teño feito aos seus encantos!

COVIELLE

Despois de tantas asiduas homenaxes, de tantos coidados e favores como lle teño feito na cociña!

CLEONTE

Tantas bágoas como teño vertido aos seus xeonllos!

COVIELLE

Tantos caldeiros de auga como teño sacado do pozo por ela!

CLEONTE

Tanto ardor como puxen en coidala máis que a min mesmo!

COVIELLE

Tanta calor como pasei dándolle voltas ao espeto!

CLEONTE

E foxe de min con desprezo!

COVIELLE

E vírame as costas con descarado!

CLEONTE

É unha perfidia digna do castigo máis grande.

COVIELLE

É unha traizón que merece mil labazadas.

CLEONTE

Non se che ocorra, por favor, falar-me endexamais dela.

COVIELLE

Eu, señor? Deus me garde!

CLEONTE

Non veñas desculpar en absoluto a acción desta infiel.

COVIELLE

Non teñades medo.

CLEONTE

Non, xa ves, todos os teus discursos para defendela non han servir de nada.

COVIELLE

E quen pensa niso?

CLEONTE

Quero conservar todo o meu resentimento contra ela e romper ao tempo todo trato.

COVIELLE

Concordo.

CLEONTE

Ese señor conde que frequenta a súa casa se cadra lle enche o ollo. E a súa mente, ben o vexo, déixase cegar pola categoría. Mais eu preciso, polo meu honor, previr o brillo da súa inconstancia. Quero dar tantos pasos como ela cara ao cambio a onde a vexo correr e non deixarlle toda a gloria da ruptura.

COVIELLE

Está moi ben falado. Pola miña banda, eu participo dos vosos sentimentos.

CLEONTE

Dálle a man ao meu despeito e sostén a miña resolución contra todos os restos de amor que puidesen falar-me a favor súa. Cántame dela, suplícocho, todo o mal que poidas. Faime da súa persoa unha pintura que ma volva desprezable, e recálcame, para me dar noxo, todos os defectos que poidas ver nela.

COVIELLE

Ela, señor? É unha completa mexeriqueira, unha bonita espirixiladiña incapaz de vos dar tanto amor! Non vexo nela nada que non sexa mediocre. Habedes atopar cen persoas máis dignas de vós. De primeiras, ten os ollos pequeniños.

CLEONTE

É certo que ten ollos pequeniños, pero son pitisqueiros. Son os máis cheos de brillo e os máis penetrantes, os máis doces que poida haber.

COVIELLE

Ten a boca grande.

CLEONTE

Si, pero nela vese unha garridez que non se ve nas outras bocas. E esta boca, ao vela, inspira desexos, é a máis atractiva e a máis amorosiña do mundo.

COVIELLE

Canto á talla non é grande.

CLEONTE

Non, pero é churrusqueira e feituquiña.

COVIELLE

Aparenta frieza no seu falar e nos seus actos.

CLEONTE

É certo, pero dálles moito xeito a todos eles, e as súas maneiras engadan: teñen un non sei que meiguiño que se insinúa nos corazóns.

COVIELLE

E tocante ao enxeño...

CLEONTE

Ah, si que ten, Covielle. Do máis agudo e máis delicado.

COVIELLE

A súa conversa...

CLEONTE

A súa conversa é encantadora.

COVIELLE

Sempre está seria...

CLEONTE

Seica queres ese xúbilo permanente, esa constante expresión de alegría?
Seica ves algo máis impropio que unha muller que ri por calquera cousa?

COVIELLE

Pero, en fin, non hai no mundo persoa tan caprichosa coma ela.

CLEONTE

Si, é caprichosa, de acordo, e mais todo lles acae ás rapazas bonitas e sufrimos todo por elas.

COVIELLE

Tal como están as cousas, vexo que queredes seguila amando.

CLEONTE

Eu? Preferiría morrer. Vouna odiar tanto como a amei.

COVIELLE

E logo como, se a atopades tan perfecta?

CLEONTE

Así a miña vinganza ha relucir mellor, así hase ver mellor a forza do meu corazón en odiala e en abandonala, por máis fermosa, por máis chea de atractivos, por máis adorable que a atopo. Vela aquí está.

ESCENA 10

Cleonte, Lucile, Covielle, Nicole.

NICOLE *(a Lucile)*

Eu quedei toda escandalizada.

LUCILE

Non pode ser senón o que che eu digo, Nicole. Mais velaí o está.

CLEONTE *(a Covielle)*

Non quero mesmo nin falarlle.

COVIELLE
Eu vouvos imitar.

LUCILA
Entón, que foi, Cleonte? Que tedes?

NICOLE
Entón, que tes, Covielle?

LUCILA
Que coita vos oprime?

NICOLE
Que mal humor che aperta?

LUCILE
Sodes mudo, Cleonte?

NICOLE
Perdiches a fala, Covielle?

CLEONTE
Que crime!

COVIELLE
Que traidoría!

LUCILE
Ben vexo que o encontro de hai pouco vos perturbou a mente.

CLEONTE *(a Covielle)*
Ah, ah! Recoñécese o que se fixo.

NICOLE
O noso recibimento desta mañá fíxote encabuxar.

COVIELLE
Adivíñase onde o zapato manca.

LUCILE
Non é certo, que é ese o motivo do voso despeito, Cleonte?

CLEONTE
Si, pérvida, éo, xa que cómpre falar. E teño que dicirvos que non habedes triunfar como pensades na vosa infidelidade, que eu quero ser o primeiro en romper convosco, e que non ides ter o privilexio de me expulsar. Hame custar traballo, sen dúbida, vencer o amor que vos teño. Hame causar moita mágoa.

Sufrirei durante un tempo, mais hei triunfar. E heime traspasar o corazón antes de ter a febleza de volver a vós.

COVIELLE
Eculicúa.

LUCILE
Canto ruído por nada. Vouvos dicir, Cleonte, a causa que me fixo esta mañá evitar que falarades comigo.

CLEONTE (*queréndose ir, para evitar a Lucile*)
Non, non quero escoitar nada.

NICOLE (*a Covielle*)
Quéroche contar o motivo que nos fixo pasar tan a escape.

COVIELLE (*queréndose ir tamén, para evitar a Nicole*)
Non quero sentir nada.

LUCILE (*seguindo a Cleonte*)
Sabede que esta mañá....

CLEONTE (*continúa camiñando sen mirar para Lucile*)
Non, xa vos dixen.

NICOLE (*seguindo a Covielle*)
Mira ti que...

COVIELLE (*tamén camiñando sen mirar para Nicole*)
Non, traidora.

LUCILE
Escoitade.

CLEONTE
Acabouse o asunto.

NICOLE
Déixame dicirche...

COVIELLE
Estou xordo.

LUCILE
Cleonte!

CLEONTE
Non!

NICOLE
Covielle!

COVIELLE
Nada!

LUCILE
Parade!

CLEONTE
Cantarelas!

NICOLE
Escóitame.

COVIELLE
Lerias!

LUCILE
Un momentinho.

CLEONTE
Nada de nada.

NICOLE
Un pouquiño de paciencia.

COVIELLE
Tarará!

LUCILE
Dúas palabriñas.

CLEONTE
Non, rematouse.

NICOLE
Unha cousiña.

COVIELLE
Morra o conto.

LUCILE (*deténdose*)
Moi ben, xa que non queredes escoitarme, seguidе na vosa idea e facede o que queirades.

NICOLE (*deténdose tamén*)

Xa que te pos así, tómao como che pete.

CLEONTE (*virándose cara a Lucile*)
Saibamos, logo, a causa dun recibimento tan bo.

LUCILE (*índose, á súa vez, para evitar a Cleonte*)
Xa non me apetece dicilo.

COVIELLE (*virándose cara a Nicole*)
Cóntanos un pouquiño esa historia.

NICOLE (*índose tamén, para evitar a Covielle*)
Xa non cha quero dicir eu.

CLEONTE (*seguindo a Lucile*)
Dicídeme...

LUCILE (*continúa andando sen mirar para Cleonte*)
Non, non quero dicir nada.

COVIELLE (*seguindo a Nicole*)
Cóntame...

NICOLE (*andando tamén, sen mirar para Covielle*)
Non, non conto nada.

CLEONTE
Tede a bondade...

LUCILE
Dígovos que non.

COVIELLE
Por caridade.

NICOLE
Acabouse o asunto.

CLEONTE
Rógovolo.

LUCILE
Deixádeme.

COVIELLE
Suplícocho.

NICOLE
Vai de aí.

CLEONTE
Lucile!

LUCILE
Non.

COVIELLE
Nicole!

NICOLE
Nada.

CLEONTE
En nome do ceo!

LUCILE
Non quero.

COVIELLE
Fálame.

NICOLE
Nada de nada.

CLEONTE
Aclarade as miñas dúbidas.

LUCILE.
Non, non hei facer nada.

COVIELLE
Cura o meu espírito.

NICOLE
Non, non me apetece.

CLEONTE
Pois ben, xa que vos preocupades tan pouco de aliviar as miñas penas e de xustificar o trato indigno que lle destes á miña ardencia, védesme por derradeira vez, ingrata: vou lonxe de vós morrer de sufrimento e de amor.

COVIELLE *(a Nicole)*
E eu vou seguir os seus pasos.

LUCILE *(a Cleonte, que quere saír)*

Cleonte!

NICOLE *(a Covielle, que quere saír)*
Covielle!

CLEONTE *(parándose)*
Que?

COVIELLE *(parándose, tamén)*
Que desexades?

LUCILE
Onde ides?

CLEONTE
Onde vos dixen.

COVIELLE
Imos morrer.

LUCILE
Ides morrer, Cleonte?

CLEONTE
Si, cruel, xa que o queredes.

LUCILE
Quen volo di?

CLEONTE *(achegándose a Lucile)*
Seica non é quere-lo, o non aclarar as miñas sospeitas?

LUCILE
E é culpa miña? Se vos me tiverades escoitado, non vos tería eu dito que o suceso do que vos queixades foi causado esta mañá pola aparición dunha miña tía vella que pretende, por riba de todo, que só con que un home se achegue a ela unha rapaza xa perde a honra? Que nos bota perpetuamente sermóns sobre este particular e nos representa a todos os homes como demos dos que cómpre fuxir?

NICOLE *(a Covielle)*
Velaí o misterio do asunto.

CLEONTE
De certo que non me enganades, Lucile?

COVIELLE *(a Nicole)*
Non me agachas cousa ningunha?

LUCILE (*a Cleonte*)
Non hai nada máis verdadeiro.

NICOLE (*a Covielle*)
A cousa éche así.

COVIELLE (*a Cleonte*)
Renderémonos ante isto?

CLEONTE
Ah, Lucile! Que ben sabedes calmar cunha palabra da vosa boca os desacougos do meu corazón! E que facilmente se deixa un convencer polas persoas que ama!

COVIELLE
Como nos deixamos engaratuxar por estes bichiños do demontre!

ESCENA 11
Señora Jourdain, Cleonte, Lucile, Covielle, Nicole.

SEÑORA JOURDAIN
Estou ben contenta de vos ver, Cleonte. Chegades oportunamente. Por aí vén o meu marido, aproveitade a ocasión para lle pedir a Lucile en matrimonio.

CLEONTE
Ah, miña señora! Que fala máis doce e como acariña os meus desexos! Podía eu recibir unha orde máis encantadora, un favor máis precioso?

ESCENA 12
Señor Jourdain, Señora Jourdain, Cleonte, Lucile, Covielle, Nicole.

CLEONTE
Señor, non quixen utilizar a ninguén para vos facer unha petición que hai tempo veño meditando. Impórtame abondo como para que me encargue eu mesmo dela. E, sen máis voltas, direivos que o honor de ser o voso xenro é un favor glorioso que vos rogo me concedades.

SEÑOR JOURDAIN
Antes de vos dar resposta, señor, rógovos que me digades se sodes fidalgo.

CLEONTE

Señor, a maioría das persoas non vacila moito ante esta pregunta. Liquida o asunto doadamente. Esa palabra non provoca escrúpulo ningún e a súa utilización tan estendida nos nosos días semella autorizar que a rouben. Canto a min, confésovolo, teño nesta materia sentimentos máis delicados. Atopo que calquera impostura é indigna dun home de ben, e que é unha covardía disfrazar a maneira como o ceo nos fixo nacer, engalanarse ante os ollos da xente cun título roubado, querer darse do que un non é. Nacín, sen dúbida, de pais que tiveron cargos honorables. Adquirín honra no exército servindo seis anos e atópome nunha situación suficientemente boa como para ocupar na sociedade un posto aceptable. Mais, con todo isto, non quero poñerme un nome ao que outros no meu lugar coidarían poder pretender e direivos con franqueza que non son fidalgo.

SEÑOR JOURDAIN

Decisión tomada. A miña filla non é para vós, señor.

CLEONTE

Como?

SEÑOR JOURDAIN

Non sodes fidalgo, non teredes a miña filla.

SEÑORA JOURDAIN

Que queredes dicir co de “fidalgo”? Seica nosoutros descendemos da costela do rei San Luís?

SEÑOR JOURDAIN

Calade, miña muller, que xa vos vexo vir.

SEÑORA JOURDAIN

Non descendemos da boa burguesía?

SEÑOR JOURDAIN

Xa botastes a lingua a pacer!

SEÑORA JOURDAIN

E voso pai non era comerciante, igual ca o meu?

SEÑOR JOURDAIN

Unha peste coma a esa muller! Nunca desaproveita. Se o voso pai era comerciante, peor para el, do meu dío unicamente a xente que non ten siso. Todo o que eu teño que dicirvos é que quero ter un xenro fidalgo.

SEÑORA JOURDAIN

Á voso filla cómprelle un marido axeitado, e máis lle val un home honrado, rico e ben feito, que un fidalgo esfameado e zoupón.

NICOLE

É certo. O fillo do fidalgo da miña aldea é o máis trosma e o máis parvallán que na miña vida vin.

SEÑOR JOURDAIN *(a Nicole)*

Calade, impertinente! Sempre vos entremetedes na conversación. Xa eu teño bens abondo para a miña filla: o único que preciso son honores. Quero facela marquesa.

SEÑORA JOURDAIN

Marquesa!

SEÑOR JOURDAIN

Marquesa, si.

SEÑORA JOURDAIN

Ai, ho! Deus me aparte!

SEÑOR JOURDAIN

É unha decisión que teño tomada.

SEÑORA JOURDAIN

É unha decisión que eu non vou consentir. As alianzas con xente máis alta que un sempre se ven sometidas a molestos inconvenientes. Non quero en absoluto que un xenro poida botarlle en cara á miña filla os seus pais, e que ela teña uns fillos que se avergoñen de me chamar avoa. Se fose preciso que viñese visitarme toda equipada como unha gran señora e por descoído deixase de saudar a alguén da veciñanza, non habían deixar de dicir decontadiño cen parvadas: “Mirade para esa señora marquesa que vén con tanta fachenda.” -dirían- “É a filla do señor Jourdain, que gozaba moito, cando era pequena, xogando connosco ás señoras. Non sempre foi tan emproada como agora e os seus dous avós vendían pano na feira. Amasaron ben cartos para os seus fillos e agora se cadra estano pagando caro no outro mundo. Non se fai un rico honradamente”. Non quero en absoluto eses cacarexos. Nunha palabra: quero un home considerado coa miña filla ao que eu lle poida dicir: “Sentaivos aí, meu xenro, e xantai comigo.”

SEÑOR JOURDAIN

Velaí os sentimentos dunha mente cativa, querer permanecer sempre na baixeza. Non me repliqueades máis: a miña filla ha ser marquesa malia todo o mundo, e se me encarraxades heina facer duquesa.

ESCENA 13

Señora Jourdain, Cleonte, Lucile, Nicole, Covielle.

SEÑORA JOURDAIN

Non vos desanimedes aínda, Cleonte. *(A Lucile)* Seguídeme, miña filla, e vídelle dicir resoltamente ao voso pai que se non o tedes a el non habedes casar con ninguén.

ESCENA 14

Cleonte, Covielle

COVIELLE

Bonito negocio fixestes cos vosos lindos sentimentos.

CLEONTE

E que lle queres? Teño nese asunto uns escrúpulos que os exemplos non poden vencer.

COVIELLE

Burládesvos? Tomar en serio a un home coma ese! Non vedes que está tolo? Custábavos algo acomodarvos ás súas quimeras?

CLEONTE

Tes razón, mais non pensaba que fose preciso ter título de nobreza para ser xenro do señor Jourdain.

COVIELLE *(rindo)*

Ha, ha, ha!

CLEONTE

De que ris?

COVIELLE

Dunha idea que se me ocorre para xogarlla ao noso home e facervos obter o que desexades.

CLEONTE

Como?

COVIELLE

A cousa é moi divertida.

CLEONTE
E logo que é?

COVIELLE
Vense facendo dende hai pouco certa mascarada que nos cadra que nin pintadiña. Vouna facer entrar nunha burla que lle vou meter ao ridículo do noso home. A cousa cheira algo á comedia pero con el podémonos arriscar a todo: non hai que andar con tantos requilorios, el vai representar o seu papel de maravilla e crer doadamente todas as andrómenas que lle imos inventar. Teño os actores e os traxes están preparados, deixádeme simplemente actuar.

CLEONTE
Pero cóntame...

COVIELLE
Vouvos explicar todo. Retirémonos que aí volve.

ESCENA 15
Señor Jourdain só.

SEÑOR JOURDAIN
Que demo é iso? Non teñen outra cousa que me reprochar senón a compañía dos grandes señores, e eu non vexo nada tan fermoso como frecuentalos. Con eles todo é honor e cortesía. Daría dous dedos da man por ter nacido conde ou marqués.

ESCENA 16
Señor Jourdain, un lacaios.

LACAIO
Señor, velaquí está o señor conde, cunha dama que trae pola man.

SEÑOR JOURDAIN
Ai, meu Deus, aínda teño algunhas ordes que dar! Dilles que veño agora mesmiño.

ESCENA 17

Dorimena, Dorante, lacaio.

LACAIO

O señor di que vén agora mesmiño.

DORANTE

Moi ben.

ESCENA 18

Dorimena, Dorante.

DORIMENA

Non sei, Dorante, estou realizando unha estraña acción ao me deixar traer por vós a unha casa onde non coñezo a ninguén.

DORANTE

E que lugar queredes entón que o meu amor escolla para vos homenaxear, señora, pois que, para fuxir do brillo, non queredes a vosa mansión nin a miña?

DORIMENA

Mais o que non dicides é que cada día me vou comprometendo insensiblemente ao recibir testemuños demasiado grandes da vosa paixón. Por moito que eu me defenda das cousas, vós vancedes a miña resistencia cunha cortés obstinación que me conduce devagariño a todo o que a vós vos place. Comezaron as visitas frecuentes, a continuación viñeron as declaracións, que tras delas arrastraron as serenatas e os detalles, aos que seguiron os regalos. Eu opúxenme a todo iso, mais vós non desistides nunca, e pasiño a pasiño ides gañando a miña vontade. Eu non podo responder de nada e creo que ao final habédesme facer chegar ao matrimonio, do que tanto me teño afastado.

DORANTE

A fe, señora, que deberiades estar xa nel. Sodes viúva e unicamente dependedes de vós. Eu son dono de min e ámovos máis que á miña vida. A que se debe que dende arestora non fagades toda a miña felicidade?

DORIMENA

Meu Deus, Dorante, son precisos polas dúas partes moitos requisitos para vivir felices xuntos. As persoas máis sensatas do mundo con frecuencia teñen dificultade en realizar unha unión da que poidan estar satisfeitos.

DORANTE

Estades a burlarvos ao figurardes tantos problemas no asunto, señora. E da experiencia que tivestes non se deduce nada para todas as restantes.

DORIMENA

En fin, volvo de novo a iso: os gastos que vos vexo facer por min preocúpanme por dúas razóns. Unha é que me comprometen máis do que eu quixera. E a outra é que estou segura –non vos ofendades- que non o facedes sen que vos cause trastorno, e eu non quero iso.

DORANTE

Ah, señora, son minucias, e non é iso o que...

DORIMENA

Sei o que digo. E, entre outros, o diamante que me forzastes a aceptar é dun prezo...

DORANTE

Ai, señora, tede a bondade, non fagades valer tanto unha cousa que o meu amor atopa indigno de vós e aceptade... Velaí vén o dono da casa.

ESCENA 19

Señor Jourdain, Dorimena, Dorante.

SEÑOR JOURDAIN *(despois de ter feito dúas reverencias, atopándose demasiado perto de Dorimena)*

Un pouco máis lonxe, miña señora.

DORIMENA

Como?

SEÑOR JOURDAIN

Un pasiño, por favor.

DORIMENA

O que?

SEÑOR JOURDAIN

Recuade un pouquiño, para a terceira.

DORANTE

Miña señora, o señor Jourdain coñece as normas de cortesía.

SEÑOR JOURDAIN

Señora, é para min unha grande gloria verme abondo afortunado por estar tan feliz ao ter a felicidade de que vós teñades sido tan xentil de me outorgardes o don de me facerdes o honor de me honrardes coa vosa presenza. Se tivese tamén o mérito de merecer un mérito igual ao voso, e o ceo...envexoso do meu ben.....me tivese concedido... o privilexio de me ver digno...dos...

DORANTE

É suficiente, señor Jourdain. A señora non gusta dos grandes cumpridos e sabe que vós sodes home de enxeño. (*En baixo a Dorimena.*) É un burguesote ben ridículo nos seus modos, como vedes.

DORIMENA (*igual*)

Non é difícil decatarse.

DORANTE (*en alto*)

Señora, velaí o mellor dos meus amigos.

SEÑOR JOURDAIN

Facédesme demasiado honor.

DORANTE

Todo un home de mundo.

DORIMENA

Téñolle moita estima.

SEÑOR JOURDAIN

Aínda non fixen nada merecente dese voso favor, señora.

DORANTE (*en baixo, ao señor Jourdain*)

Tede moito coidado, cando menos, de non lle falar do diamante que lle destes.

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo, a Dorante*)

Non podo nin mesmo preguntarlle que lle parece?

DORANTE (*en baixo, ao señor Jourdain*)

Como! Nada diso! Sería moi vulgar da vosa parte. Para actuar como un home de mundo cómpre que fagades como se non fósedes vós quen lle fixo ese presente. (*En alto.*) O señor Jourdain di que está encantado de vos ver na súa casa, señora.

DORIMENA

Faime un gran honor.

SEÑOR JOURDAIN (*en baixo, a Dorante*)

Moi recoñecido vos estou, meu señor, por lle falardes así en prol de min!

DORANTE *(en baixo, ao señor Jourdain)*
Custoume unha dificultade espantosa facer que viñese.

SEÑOR JOURDAIN *(en baixo, a Dorante)*
Non sei como volo agradecer.

DORANTE
Estame dicindo, señora, que atopa que sodes a persoa máis fermosa do mundo.

DORIMENA
É unha gran xentileza, pola súa parte...

SEÑOR JOURDAIN
Señora, a xentileza é vosa, e...

DORANTE
Pensemos en xantar.

ESCENA 20
Señor Jourdain, Dorimena, Dorante, un lacaios

LACAIO *(ao señor Jourdain)*
Todo está disposto, señor.

SEÑOR JOURDAIN
Pasemos, logo á mesa. E que fagan entrar aos músicos.

(Seis cociñeiros que prepararon o festín danzan xuntos e fan o terceiro intermedio, despois do cal traen unha mesa cuberta de distintos manxares)

ACTO IV

ESCENA 1

Dorante, Dorimena, señor Jourdain, dous músicos, unha música, lacaios.

DORIMENA

Como, Dorante! Que xantar tan magnífico!

SEÑOR JOURDAIN

Burládesvos, señora. Quixera eu que fose máis digno de vos ser ofrecido.
(*Séntanse todos á mesa*)

DORANTE

O señor Jourdain ten razón en falar dese xeito, señora, e estoulle moi recoñecido por vos facer tan ben os honores da súa casa. Coincido con el en que o xantar non é digno de vós. Como son eu quen o organizou e non teño nesta materia as luces dos nosos amigos, non tedes aquí un xantar moi versado e atoparedes nel incongruencias na presentación e barbarismos no sabor. Se o noso amigo Damís andase polo medio todo estaría dentro das normas. En todo habería elegancia e erudición e non había deixar el de vos gabar os elementos do xantar que vos daría el mesmo e de vos facer concordar sobre as súas grandes capacidades na ciencia dos bos bocados. De vos falar dun pan de peso todo douradiño e de forma ben redondeada, cunha codela que trisca suavemente baixo os dentes; dun viño de celme aveludado, impregnado dun verde que aínda non predomina; dun lombo de cordeiro adubado con perixel; dunha lonxa de vitela tenra, así de longa, branquiña e delicada, que é na boca como unha verdadeira crema de améndoas; dunhas perdices realzadas por un asombroso recendo e, como obra mestra súa, dunha sopa de caldo de carne sostida por un pavo noviño e graxo gornecido nos catro cantos con pombiños e coroados por cebolas brancas casadas coa chicoria. Mais eu confésovos a miña ignorancia e, como moi ben dixo o señor Jourdain, quixera que o xantar fose máis digno de vos ser ofrecido.

DORIMENA

Non respondo a este cumprimento máis que comendo como o fago.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, que mans tan fermosas tedes!

DORIMENA

As mans son correntes, señor Jourdain, mais vós queredes dicir o diamante, que é moi fermoso.

SEÑOR JOURDAIN

Eu, señora! Deus me libre de falar del! Non sería actuar como home de mundo: o diamante é moi pouca cousa.

DORIMENA
Estades anoxado.

SEÑOR JOURDAIN
Sodes demasiado bondadosa....

DORANTE (*despois de lle facer un aceno ao señor Jourdain*)
Vamos, que lle sirvan viño ao señor Jourdain e a eses señores que nos van obsequiar cantándonos uns brindes.

DORIMENA
É unha forma excelente de condimentar un bo festín introducir nel a música.
Agasalládesme de maravilla.

SEÑOR JOURDAIN
Señora, non é...

DORANTE
Señor Jourdain, fagamos silencio para escoitar a estes señores. O que nos van dicir eles ha valer máis que o que nós puideramos dicir.

(*Os músicos e a música collen copas e cantan dous brindes co apoio de toda a orquestra.*)

PRIMEIRO BRINDE
(*1º e 2º músicos xuntos, cunha copa na man*)

*Bebe, Filis, así, deste meigo licor.
A copa na túa man ten un xeitoso encanto.
Ti e o viño fundídesvos no canto
e sinto cara aos dous redobrar o amor.
Entre el, ti e eu, xurémonos, fermosa,
unha paixón fogosa.*

*Ao mollarche o padal o teu rostro aledou
e esa boca belida pon el a realzar
facéndome os teus bicos moi forte desexar.
E de ti e mais del a min me embebedou.
Entre el, ti e eu, xurémonos, fermosa,
unha paixón fogosa,*

SEGUNDO BRINDE
(*2º e 3º músicos*)

*Amigos, cómpre beber!
O tempo que foxe convida
a gozar desta vida
canto máis se puider.
Cando a barca xa o río cruzou:
adeus o bon viño e o amor!
Que o tempo rematou
comprobarás con dor!*

*Deixai aos parvos debater
de cal é o sentido da vida
porque a mellor medida
évos sempre beber.
A sona, o saber e o carto
non tiran a preocupación:
feliz quen vive farto
coa divina poción!*

(Os tres xuntos)

*Si, si, así, así, o bon viño botai!
Botai, botai, así, até que digan: "Vai!"*

DORIMENA

Non creo que se poida cantar mellor: é fermosísimo.

SEÑOR JOURDAIN

Eu vexo aquí algo aínda máis fermoso, miña señora.

DORIMENA

Ah, o señor Jourdain é máis galante do que eu pensaba!

DORANTE

Como, señora! Por quen tomades ao señor Jourdain?

SEÑOR JOURDAIN

Ben quixera que me tomase polo que eu diga.

DORIMENA

Máis aínda?

DORANTE (*a Dorimena*)

Non o coñecesdes.

SEÑOR JOURDAIN

Xa me coñecerá cando ela queira.

DORIMENA

Oh, non podo con el!

DORANTE

É un home que ten sempre a resposta na man. E por parte, señora: non vedes que o señor Jourdain come todos os anacos que vós tocades ao vos servir?

DORIMENA

O señor Jourdain resúltame moi sedutor...

SEÑOR JOURDAIN

Se puidese seducir o voso corazón, sería eu...

ESCENA 2

Señora Jourdain, señor Jourdain, Dorimena, Dorante, músicos, música, lacaios.

SEÑORA JOURDAIN

Ah, ah! Atópome aquí con boa compañía, e vexo que non me esperaban. Daquela, foi por este bonito asunto polo que tivestes tanto empeño en me enviardes a xantar á casa da miña irmán, non si, meu señor marido? Acabo de ver aí embaixo un teatro e agora vexo aquí un banquete digno dunha voda. Así é como gastades o voso diñeiro e como festexades ás damas cando eu non estou e lles dedicades música e comedias mentres me mandades a paseo.

DORANTE

Que queredes dicir, señora Jourdain? Como vos metedes na cabeza esas fantasías de que o voso marido gasta o seu diñeiro e que é el o que lle dá este agasallo á marquesa? Sabede que son eu quen o fai: o voso marido unicamente presta a súa casa. Deberíades mirar un pouquiño máis as cousas que dicides.

SEÑOR JOURDAIN

Si, impertinente, é o señor conde o que lle ofrece todo isto á señora, que é unha persoa de categoría. El faimo o honor de utilizar a miña casa e de querer que eu o acompañe.

SEÑORA JOURDAIN

Son cantarelas, todo iso. Eu ben sei o que sei.

DORANTE

Poñede unhas lentes mellores, señora Jourdain.

SEÑORA JOURDAIN

Non preciso lentes, meu señor: vexo clariño de abondo. Hai tempo que veño sentindo as cousas e non son unha pasmona. Resulta moi baixo pola vosa parte, un gran señor, prestardes apoio ás parvadas do meu marido. E pola vosa, señora, unha gran dama, non é bonito nin honrado meterdes discordia nun matrimonio e aceptardes que o meu marido se namore de vós.

DORIMENA

Que quere dicir todo isto, Dorante? Estadades a vos burlar de min, ao me expoñerdes ás estúpidas figuracións desta extravagante.

DORANTE *(seguindo a Dorimena, que sae)*

Señora! Ei, señora, a onde ides?

SEÑOR JOURDAIN

Señora! Señor conde, pedídlle desculpas e tratade de facela volver.

ESCENA 3

Señora Jourdain, señor Jourdain, un lacaió.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, que impertinente sodes! Fixéstedela boa: acabades de me facer unha afronta diante de todo o mundo. Estadades botando da miña casa a persoas de categoría.

SEÑORA JOURDAIN

Ríome da súa categoría.

SEÑOR JOURDAIN

Non sei o que me detén de vos fender a cabeza coas propias pezas da comida que viñestes perturbar, maldita. *(Recollen a mesa)*

SEÑORA JOURDAIN *(saíndo)*

Ríome diso. Son os meus dereitos os que eu defendo e hei ter a meu favor a todas as mulleres.

SEÑOR JOURDAIN

Facedes ben en evitar a miña carraxe.

ESCENA 4

Señor Jourdain (só)

SEÑOR JOURDAIN

Chegou ben inoportunamente. Estaba eu a lle dicir cousas xeitosas e endexamais me tiña sentido tan agudo. Que é iso?

ESCENA 5

Covielle disfrazado, señor Jourdain, lacaio.

COVIELLE

Meu señor, non sei se teño o honor de que me recoñezades.

SEÑOR JOURDAIN

Non, meu señor.

COVIELLE *(estendendo a man a un palmo do chan)*

Eu coñecinvos cando non erades máis grande ca isto.

SEÑOR JOURDAIN

A min?

COVIELLE

Si, erades o rapaciño máis bonito do mundo e todas as damas vos collían no colo para vos dar bicos.

SEÑOR JOURDAIN

Para me dar bicos?

COVIELLE

Si. Eu era moi amigo do voso defunto pai.

SEÑOR JOURDAIN

Do meu defunto pai?

COVIELLE

Si, era un fidalgo honradísimo.

SEÑOR JOURDAIN

Como dicides?

COVIELLE

Que era un fidalgo honradísimo.

SEÑOR JOURDAIN

Meu pai?

COVIELLE

Si.

SEÑOR JOURDAIN

Coñecéstelo moito?

COVIELLE

Coñecín tal.

SEÑOR JOURDAIN

E coñecéstelo como fidalgo?

COVIELLE

Claro.

SEÑOR JOURDAIN

Eu non entendo como o mundo está feito.

COVIELLE

E logo?

SEÑOR JOURDAIN

Hai xente parva que me di que foi comerciante.

COVIELLE

Comerciante, el? Pura maledicencia. Non o foi endexamais. O que ocorría é que era moi atento e moi considerado, e como era un gran entendido en panos, ía buscalos a todas partes e dáballos aos seus amigos por diñeiro.

SEÑOR JOURDAIN

Estou encantado de coñecervos porque habedes dar testemuño de que meu pai era fidalgo.

COVIELLE

Mantereino diante de todos.

SEÑOR JOURDAIN

Heivos quedar agradecido. E que asunto vos trae por aquí?

COVIELLE

Despois de ter coñecido ao voso defunto pai –honrado fidalgo, como vos dixer- viaxei por todo o mundo.

SEÑOR JOURDAIN
Por todo o mundo!

COVIELLE
Si.

SEÑOR JOURDAIN
Ten que ser moi lonxe, iso.

COVIELLE.
De certo que si. Só hai catro días que regresei das miñas longas viaxes e, debido ao interese que teño por todo o que vos toca, veño vos anunciar a mellor noticia do mundo.

SEÑOR JOURDAIN
E cal é?

COVIELLE
Ben sabedes que o fillo do Gran Turco anda por aquí.

SEÑOR JOURDAIN
Eu? Pois non.

COVIELLE
Como! Ten un séquito grandiosísimo. Todo o mundo vai velo e foi recibido neste país cal señor de moita importancia.

SEÑOR JOURDAIN
Pois a fe que non o sabía.

COVIELLE
E o que é moi beneficioso para vós é que está namorado da vosa filla.

SEÑOR JOURDAIN
O fillo do Gran Turco?

COVIELLE
Si: quere ser xenro voso.

SEÑOR JOURDAIN
Xenro meu, o fillo do Gran Turco?

COVIELLE
O fillo do gran Turco, xenro voso. Como eu fun velo e entendo perfectamente a súa lingua, entrevistouse comigo, e despois dalgunhas outras cousas díxome: *Akiam croc soler uch alla mustaf yidelum amanahem varahini ussere carbulath.*

É dicir: “Non viches unha fermosa rapaza que é a filla do señor Jourdain, o fidalgo parisiense”?

SEÑOR JOURDAIN

O fillo do Gran Turco dixo iso de min?

COVIELLE

Dixo. Cando lle respondín que vos coñecía moito e que tiña visto á vosa filla, púxose: Ah! *Marababa sahem*. É dicir “Ah, que namorado estou dela!”

SEÑOR JOURDAIN

Marababa sahem quere dicir “Ah!, que namorado estou dela!”?

COVIELLE

Quere.

SEÑOR JOURDAIN

A fe que facedes ben en mo dicir, porque eu nunca tería crido que ese *Marababa sahem* significase “Ah, que namorado estou dela!” É un idioma asombroso ese tal turco!

COVIELLE

Máis asombroso do que se puidera pensar. Sabedes o que quere dicir *Cocoromuchen*?

SEÑOR JOURDAIN

Cocoromuchen? Non.

COVIELLE

Quere dicir “Miña alma querida”.

SEÑOR JOURDAIN

Cocoromuchen quere dicir “Miña alma querida”?

COVIELLE

Quere

SEÑOR JOURDAIN

Que cousa tan maravillosa! *Cocoromuchen* “Miña alma querida”. Quen o pensara! Estou conmovido.

COVIELLE

En fin, remato a miña embaixada: vai vir pedirvos a vosa filla en matrimonio, e para ter un sogro digno del querevos nomear *Mememochi*, que é unha gran dignidade no seu país.

SEÑOR JOURDAIN

Mememochi?

COVIELLE

Si, *Mememochi*, que na nosa lingua significa *paladín*. Os paladíns son os antigos... En fin, os paladíns! Non hai nada máis nobre ca eles na Terra. Vós estaredes a par dos grandes señores do mundo.

SEÑOR JOURDAIN

O fillo do Gran Turco faime un gran honor, rógovos que me levedes cabo del para lle expresar o meu agradecemento.

COVIELLE

Como! Se é el quen vai vir aquí.

SEÑOR JOURDAIN

Vai vir aquí?

COVIELLE

Vai. Con todo o que precisa para a cerimonia da vosa dignidade.

SEÑOR JOURDAIN

É algo precipitado.

COVIELLE

É que o seu amor non soporta demora ningunha.

SEÑOR JOURDAIN

O único que me molesta neste asunto é que a miña filla é unha teimuda que ten metida na cabeza a un tal Cleonte e xura que non ha casar senón con el.

COVIELLE

Ha cambiar de sentimentos cando vexa ao fillo do Gran Turco. E, por parte, dáse aquí unha maravillosa e feliz coincidencia: o fillo do Gran Turco aseméllalle moito a ese Cleonte. Acabo de velo, pois mostráronmo agora mesmiño. O amor que ela ten por un poderá doadamente pasar ao outro e... Velaí o vén, estouno sentindo.

ESCENA 6

Cleonte de turco, con tres paxes que sosteñen o seu manto, señor Jourdain, Covielle disfrazado.

CLEONTE

Ambousahim oqui boraf, Jordina, salamalequi

COVIELLE *(ao señor Jourdain)*

É dicir: “Señor Jourdain, que o voso corazón estea todo o ano como unha roseira florida”. Son formas de falar atenciosas naquelas terras.

SEÑOR JOURDAIN

Son humilde servidor de Súa Alteza Turca

COVIELLE

Carigar camboto ustin moraf.

CLEONTE

Ustin ioc catamalequi basum base ala moran.

COVIELLE

Di que o ceo vos dea a forza dos leóns e a prudencia das serpentes.

SEÑOR JOURDAIN

Súa Alteza Turca hónrame de máis. Eu deséxolle toda caste de prosperidades.

COVIELLE

Osa binamen sadoc babali oracaf uram.

CLEONTE

Bel-men.

COVIELLE

Di que vaiades axiña con el prepararvos para a cerimonia, a fin de ver despois a vosa filla e concluír o matrimonio.

SEÑOR JOURDAIN

Tantas cousas en dúas palabras?

COVIELLE

Si, a lingua turca é así: di moito en poucas palabras. Ide axiña onde el quere.

ESCENA 7

Covielle só.

COVIELLE

Ha, ha, ha! Abofé que o conto é ben divertido! Que pimpín! Mesmo se tivese aprendido chapadiño o seu papel non o daría representado mellor! Ha, ha!

ESCENA 8
Dorante, Covielle

COVIELLE
Rógovos, señor, que nos axudedes nun asunto que está a acontecer aquí.

DORANTE
Ah, Covielle, quen te podería recoñecer! Moi ataviado vas!

COVIELLE
Xa vedes. Ha, ha!

DORANTE
De que ris?

COVIELLE
Dunha cousa que ben o merece, señor.

DORANTE
O que?

COVIELLE
Adiviñade a estrataxema da que nos valem para convencer ao señor Jourdain de que conceda a súa filla ao meu amo. Douvos varias oportunidades

DORANTE
Non dou adiviñado a estrataxema, mais ben adiviño que ha dar resultado se es ti quen a emprende.

COVIELLE
Vexo que coñecedes o animal, señor.

DORANTE
Cóntame en que consiste.

COVIELLE
Tomádevos a molestia de vos afastar un pouquiño para lle facer sitio ao que estou vendo vir. Poderedes ver unha parte da historia en tanto que vos conto o resto.

(A cerimonia turca para facer nobre ao señor Jourdain ten lugar en danza e música e compón o cuarto intermedio)

A CERIMONIA TURCA

Muftí, turcos, dervixes que cantan e bailan, señor Jourdain vestido á turca, coa cabeza pelada, sen turbante nin sabre.

PRIMEIRA ENTRADA DE BAILE

Entran gravemente seis turcos, de dous en dous, ao son dos instrumentos. Levan seis tapetes de chan que erguen moi alto, despois de teren feito, danzando, varias figuras. Os turcos pasan cantando por baixo destes tapetes para se iren situar ás dúas bandas do escenario. O muftí, acompañado polos dervixes, pecha esta comitiva.

Os turcos estenden os tapetes polo chan e póñense enriba, de xeonllos. O muftí e os dervixes permanecen de pé no medio deles, e, en canto o muftí invoca a Mahommed, facendo moitas contorsións e poñendo caras, sen proferir unha soa palabra, os turcos asistentes prostérnanse até o chan cantando Alí e erguen os brazos cara ao ceo cantando Alá. Continúan así até a fin da evocación. Entón vólvense erguer cantando todos Alá eubar (“Deus é grande”) e dous dervixes van buscar ao señor Jourdain.

O MUFTÍ (ao señor Jourdain)

Se ti sabir²

ti responder.

Se non sabir,

tasir, tasir.

Mi star muftí.

Ti qui star, ti?

Non intendir?

Tasir, tasir.

(Dous dervixes fan que o señor Jourdain se retire)

O MUFTÍ

Dice, Turque, qui star quista?

Anabatista? Anabatista?

OS TURCOS

loc.

² O diálogo que segue está escrito precisamente na mestura de linguas coñecida como *sabir*. Neste caso trátase dunha mestura de linguas do Mediterráneo -fundamentalmente italiano, francés, español e árabe- que se empregaba para entenderse nos portos do Magreb e do Oriente Medio. Nós conservamos o texto orixinal, adaptando unicamente os sons á nosa grafía.

O MUFTÍ
Zwinglista?

OS TURCOS
loc.

O MUFTÍ
Coffita?

OS TURCOS
loc.

O MUFTÍ
Hussita? Morista? Fronista?

OS TURCOS
loc, ioc, ioc!

O MUFTÍ
loc, ioc, ioc! Star Pagana?

OS TURCOS
loc

O MUFTÍ
Luterana?

OS TURCOS
loc.

O MUFTÍ
Puritana?

OS TURCOS
loc.

O MUFTÍ
Bramina? Moffina? Zurina?

OS TURCOS
loc, ioc, ioc!

O MUFTÍ
loc, ioc, ioc! Mahametana? Mahametana?

OS TURCOS
Hi, Valá! Hi, Valá!

O MUFTÍ
Como chamara? (*bis*)

OS TURCOS
Giurdina. (*bis*)

O MUFTÍ (*choutando e ollando para unha e outra banda*)
Giurdina? (*ter*)

OS TURCOS
Giurdina. (*ter*)

O MUFTÍ
Mahameta, per Giurdina,
mi pregar sera e matina.
Voler far un paladina
de Giurdina, de Giurdina.

Dar turbanta e dar scarcina,

Con galera e brigantina,
per defender Palestina

Mahameta, per Giurdina,
mi pregar sera e matina.
(*Aos turcos*)
Star bon Turca, Giurdina?

OS TURCOS
Hi, Valá! Hi, Valá!

O MUFTÍ (*cantando e danzando*)
Ha, la, ba, ba, la, chu,
ba, la, ba, ba, la, da

OS TURCOS
Ha, la, ba, ba, la chu, ba, la, ba, ba, la, da.

SEGUNDA ENTRADA DE BAILE

O muftí regresa toucado co seu turbante de cerimonia, que é desmesuradamente groso e está ornado con catro ou cinco fileiras de candeas acesas. Vai acompañado de dous dervixes que portan o Alcorán e que levan uns puchos picudos, ornados tamén con candeas acesas.

Os outros dous dervixes traen ao burgués, que está completamente estarecido con esta cerimonia, e fan que se poña de xeonllos, coas mans no

chan, de xeito que o seu lombo, enriba do que pousan o Alcorán, lle sirva de pupitre ao muftí. O muftí fai unha segunda invocación burlesca, engurrando as cellas e abrindo a boca sen dicir palabra ningunha; logo falando con vehemencia, quer dulcificando a voz, quer levándoa até o tremor co entusiasmo, termendo das costelas coas mans como para facer saír as palabras, petando de cando en cando sobre do Alcorán e pasando as follas precipitadamente. Despois disto, erguendo os brazos cara ao ceo, o muftí berra: Hu!

Durante esta segunda invocación os turcos asistentes debrúzanse tres veces e tres veces vólvense erguer, cantando tamén: Hu, hu, hu!

SEÑOR JOURDAIN (*despois de que lle tiraron do lombo o Alcorán*)
Uf!

O MUFTÍ (*ao señor Jourdain*)
Ti non star furba?

OS TURCOS
No, no, no!

O MUFTÍ
Non star forfanta?

OS TURCOS
No, no, no!

O MUFTÍ
Donar turbanta. (*bis*)

OS TURCOS
Ti non star furba?
No, no, no.
Non star forfanta?
No, no, no.
Donar turbanta. (*bis*)

TERCEIRA ENTRADA DE BAILE

Os turcos, danzando e cantando, pónenlle ao señor Jourdain o turbante na testa ao son dos instrumentos.

O MUFTÍ (*dándolle o sabre ao señor Jourdain*)
Ti star nobile, non star fabbola.
Pigliar schiabbola.

OS TURCOS, *levando todos o sabre na man, repiten estas palabras.*

CUARTA ENTRADA DE BAILE

Os turcos, danzando, danlle cadenciosamente golpes de sabre ao señor Jourdain.

O MUFTÍ
Dara, dara,
bastonnara.

OS TURCOS *repiten estas palabras.*

QUINTA ENTRADA DE BAILE

Os turcos, danzando, danlle ao señor Jourdain cadenciosos bastonazos.

O MUFTÍ
Non tener honta;
questa star l'ultima afronta.

O muftí comeza unha terceira invocación. Os dervixes sostéñeno por baixo dos brazos con respecto. Despois disto, os turcos, cantando e bailando e choutando arredor do muftí, retíranse e levan ao señor Jourdain.

ACTO V

ESCENA 1

Señora Jourdain, señor Jourdain

SEÑORA JOURDAIN

Ai, meu Deus! Misericordia! Que vén sendo todo isto? Que pinta! Ides levar o momo? Seica é o tempo do Entroido? Explicade o que é iso. Quen vos amañou así?

SEÑOR JOURDAIN

Mirade para a impertinente! Falarlle dese xeito a un *Mememochi*!

SEÑORA JOURDAIN

A quen?

SEÑOR JOURDAIN

Agora hai que respectarme moito: acaban de facerme *Mememochi*.

SEÑORA JOURDAIN

Que queredes dicir co voso *Mememochi*?

SEÑOR JOURDAIN

Pois *Mememochi*. Son *Mememochi*.

SEÑORA JOURDAIN

E que animal vén sendo?

SEÑOR JOURDAIN

Mememochi quere dicir na nosa lingua “paladín”

SEÑORA JOURDAIN

Bailarín? Xa non estades en idade de vos dedicar ao baile?

SEÑOR JOURDAIN

Que ignorante! Estou dicindo “paladín”. Unha dignidade que me acaban de nomear na cerimonia.

SEÑORA JOURDAIN

Que cerimonia?

SEÑOR JOURDAIN

Mahametta per Jordina.

SEÑORA JOURDAIN

Que quere dicir iso?

SEÑOR JOURDAIN
Jordina significa Jourdain

SEÑORA JOURDAIN
Si, pero Jourdain que máis?

SEÑOR JOURDAIN
Voler far un paladina di Jordina.

SEÑORA JOURDAIN
Como ?

SEÑOR JOURDAIN
Dar turbanta con galera.

SEÑORA JOURDAIN
Que significa iso?

SEÑOR JOURDAIN
Per deffender Palestina.

SEÑORA JOURDAIN
Pero que queredes dicir?

SEÑOR JOURDAIN
Dara, dara, bastonnara.

SEÑORA JOURDAIN
Que é toda esa leria?

SEÑOR JOURDAIN
Non tener honta, questa star l'ultima affronta.

SEÑORA JOURDAIN
Que vén sendo todo isto?

SEÑOR JOURDAIN (*danza e canta*)
Hu, la, ba, ba, la, chu, ba, la, ba, ba, la, da. (Cae polo chan)

SEÑORA JOURDAIN
Ai, meu Deus! O meu marido toleou!

SEÑOR JOURDAIN (*erguéndose e saíndo*)
Silencio, insolente! Respectade ao señor *Mememochi*.

SEÑORA JOURDAIN (*soa*)

Onde foi que perdeu o xuízo? Vamos correndo impedirlle que saia. (*Ao ver a Dorimena e Dorante*) Ah, velaí, xustamente os que faltaban. Non vexo máis que cousas desagradables por todas partes.

ESCENA 2

Dorante, Dorimena.

DORANTE

Si, señora, ides ver o máis divertido que se poida ver. Non creo que se dea atopado no mundo un home tan tolo coma ese. Por parte, cómpre axudar ao amor de Cleonte e apoiar a súa mascarada, señora. É un home moi galante e merece que se interesen por el.

DORIMENA

Sígoo con moita atención: é digno dun venturoso futuro.

DORANTE

Falando doutra cousa: imos ter agora un baile destinado a nós, señora, e non debemos perdelo. Veremos se a miña idea resulta.

DORIMENA

Vin algúns preparativos magníficos, Dorante, e son cousas que non podo seguir permitindo. Quero rematar cos vosos dispendios, e, para rematar con tanto gasto que vos vexo facer pola miña causa, decidín casar rapidamente convosco. É o verdadeiro segredo: todas estas cousas acaban no matrimonio.

DORANTE

Ah, señora! É posible que teñades adoptado tocante a min unha decisión tan grata?

DORIMENA

É unicamente para impedir que vos arruinedes, porque sen iso vexo que de aquí a pouco non teríades un pataco.

DORANTE

Moi agradecido estou aos vosos coidados por conservar a miña fortuna, señora. Eles son totalmente vosos, igual que o meu corazón. Podedes dispor deles como queirades.

DORIMENA

Hei dispor dos dous. Mais velaí vén o voso home. Ten un aspecto asombroso.

ESCENA 3

Señor Jourdain, Dorante, Dorimena.

DORANTE

Señor, a señora marquesa e eu vimos render homenaxe á vosa nova dignidade e aledarnos convosco do casamento que facedes da vosa filla co fillo do Gran Turco.

SEÑOR JOURDAIN *(despois de ter feito as reverencias á maneira turca)*

Señor, deséxovos a forza das serpentes e a prudencia dos leóns.

DORIMENA

Estou ben contenta en ser unha das primeiras persoas en vir vos felicitar polo alto grado de gloria ao que tedes subido, señor.

SEÑOR JOURDAIN

Señora, deséxovos que teñades todo o ano florida a vosa roseira. Estouvos infinitamente agradecido por tomardes parte nos honores que me veñen, e teño moita ledicia por vos ver de novo aquí para vos presentar as desculpas pola extravagancia da miña muller.

DORIMENA

Non foi nada. Desculpo nela semellante arroutada: o voso corazón debe resultarlle precioso e non é estraño que a posesión dun home coma vós poida inspirar algunha alarma.

SEÑOR JOURDAIN

O meu corazón é totalmente posesión vosa, señora.

DORANTE

Ben vedes, marquesa, que o señor Jourdain non é desas persoas que se deixan cegar pola prosperidade. El sabe, dentro da súa gloria, recoñecer aínda aos seus amigos.

DORIMENA

É a expresión dunha alma completamente xenerosa.

DORANTE

E onde está Súa Alteza Turca? Gustaríanos ben, como amigos vosos, expresarlle a nosa obriga.

SEÑOR JOURDAIN

Velaí vén. Xa mandei buscar á miña filla para lle dar a súa man.

ESCENA 4

Cleonte vestido de turco, Covielle, señor Jourdain, etc.

DORANTE *(a Cleonte)*

Señor, vimos facer a reverencia a Vosa Alteza como amigos do voso señor sogro e testemuñar con respecto a nosa humildísima consideración.

SEÑOR JOURDAIN

Onde vai o intérprete, para lle dicir quen sodes e facerlle entender o que dicides? Veredes como vos responde. El fala turco de maravilla. Ei! Onde diante se metería? *(A Cleonte) Estruf, estrif, estrof, estraf.* O conde é un *molto grande segnore, molto grande, molto grande.* E a marquesa unha *molta granda signora, molta granda.* *(Ao ver que non o entende.)* Alteza, el *Mememochi* de aquí e ela *Mememocha* de aquí. Non podo falar máis claro. Ben, velaí está o intérprete.

ESCENA 5

Señor Jourdain, Dorimena, Dorante, Cleonte de turco, Covielle disfrazado.

SEÑOR JOURDAIN

Onde vos metedes? Non podemos dicir nada sen vós. *(Amosando a Cleonte)* Dídelle que o señor e a señora son persoas de moita categoría que lle veñen facer a reverencia como amigos meus e testemuñarlle a súa consideración. *(A Dorimena e a Dorante)* Ides ver a súa resposta.

COVIELLE

Alabalá crociam acci boram alabamen.

CLEONTE

Catalequi tubal urín soter amaluchan

SEÑOR JOURDAIN *(a Dorimena e a Dorante)*

Vedes?

COVIELLE

Di que a chuvia da prosperidade regue todo o tempo a horta da vosa familia.

SEÑOR JOURDAIN

Xa vos dixera eu que fala turco!

DORANTE
É asombroso.

ESCENA 6

Lucile, señor Jourdain, Dorante, Dorimena, Cleonte, Covielle.

SEÑOR JOURDAIN

Vide, miña filla, achegaivos e vide lle dar a vosa man ao señor, que vos fai o honor de pedirvos en matrimonio.

LUCILE

O que, meu pai! Como vos puxestes! Seica estades representando unha comedia?

SEÑOR JOURDAIN

Non, non é unha comedia, é un asunto moi serio. É o máis glorioso para vós que se poida desexar. *(Amosando a Cleonte)* Velaí o marido que vos dou.

LUCILE

A min, meu pai?

SEÑOR JOURDAIN

A vós, si. Vamos dádlle a man e agradece a vosa felicidade ao ceo.

LUCILE

Eu non quero casar.

SEÑOR JOURDAIN

Quéroo eu, que son o voso pai.

LUCILE

Non o vou facer.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, canto ruído! Vamos, estouche dicindo! Veña, a man.

LUCILE

Non, meu pai, xa volo dixen, non existe poder ningún que me poida obrigar a tomar outro marido ca Cleonte. E estou disposta a chegar ao extremo antes de... *(Recoñecendo a Cleonte)*. É certo que sodes meu pai e que vos debo enteira obediencia. Podedes dispor de min segundo a vosa vontade.

SEÑOR JOURDAIN

Ah, estou encantado de ver que volvedes tan prontamente ao voso deber. Prácame moito ter unha filla obediente.

ESCENA 7

Señora Jourdain, señor Jourdain, Cleonte, Lucile, Dorante, Dorimena, Covielle.

SEÑORA JOURDAIN

E logo que foi? Que é isto? Dis que queredes darlle a vosa filla en matrimonio a un choqueiro de Entroido.

SEÑOR JOURDAIN

Queredes calar, impertinente? Sempre vides mesturar en todo as vosas extravagancias e non hai xeito de vos aprender a serdes sensata.

SEÑORA JOURDAIN

Sodes vós a quen non hai maneira de facer que teña siso: ides de tolemia en tolemia. Cal é a vosa intención? Que queredes facer con este xuntoiro?

SEÑOR JOURDAIN

Quero casar a nosa filla co fillo do Gran Turco.

SEÑORA JOURDAIN

Co fillo do Gran Turco?

SEÑOR JOURDAIN (*amosando a Covielle*)

Si. Presentádelle os vosos cumprimentos a través deste intérprete.

SEÑORA JOURDAIN

Non preciso intérprete ningún, voulle dicir eu mesmiña, nos seus fociños, que non ha levar a miña filla.

SEÑOR JOURDAIN

Queredes calar dunha vez?

DORANTE

Como, señora Jourdain? Opoñédesvos a un honor tan grande? Refugades a Súa Alteza Turca por xenro?

SEÑORA JOURDAIN

Meu Deus, señor, metédevos nos vosos asuntos.

DORIMENA

É unha grande honra que non se debe rexeitar.

SEÑORA JOURDAIN

Señora, rógovos que non vos mesturedes no que non ten que ver convosco.

DORANTE

É que somos amigos vosos e o voso proveito interésanos.

SEÑORA JOURDAIN

Eu pasaría sen eses amigos.

DORANTE

A vosa filla acepta a vontade de seu pai.

SEÑORA JOURDAIN

A miña filla acepta casar cun turco?

DORANTE

Totalmente.

SEÑORA JOURDAIN

E pode esquecer a Cleonte?

DORANTE

Que non se fai para ser unha gran dama!

SEÑORA JOURDAIN

Afogábaa eu coas miñas propias mans se ela o fixera.

SEÑOR JOURDAIN

Canto cacarexo! Estouvos dicindo que ese casamento hase facer.

SEÑORA JOURDAIN

E eu estouvos dicindo que non se ha facer.

SEÑOR JOURDAIN

Canto rebumbio!

LUCILE

Miña nai!

SEÑORA JOURDAIN

Sodes unha loubana!

SEÑOR JOURDAIN (*á señora Jourdain*)

O que! Estádeslle rifando porque me obedece?

SEÑORA JOURDAIN
E mais si. É tan filla miña coma vosa.

COVIELLE (*á señora Jourdain*)
Señora!

SEÑORA JOURDAIN
Que me queredes contar, vós?

COVIELLE
Unhas palabriñas.

SEÑORA JOURDAIN
Non preciso as vosas palabriñas.

COVIELLE
Señor, se ela quere escoitarme en privado un momentinho, prométovos que a fago aceptar o que vós queredes.

SEÑORA JOURDAIN
Non hei aceptar.

COVIELLE
Escoitádeme, unicamente,

SEÑORA JOURDAIN
Non.

SEÑOR JOURDAIN (*á señora Jourdain*)
Escoitádeo.

SEÑORA JOURDAIN
Non, non quero escoitalo.

SEÑOR JOURDAIN
Havos dicir...

SEÑORA JOURDAIN
Non, non quero que me diga cousa ningunha.

SEÑOR JOURDAIN
Teimosía de muller! Seica vos vai facer mal escoitalo?

COVIELLE
Escoitádeme, sinxelamente, despois facede o que vos pete.

SEÑORA JOURDAIN
Moi ben: que é, logo?

COVIELLE *(á señora Jourdain)*

Hai unha hora que vos estamos acenando, señora. Non vedes que todo isto facémolo unicamente para nos acomodarmos ás figuracións do voso marido? Que estamos a enganalo con estes disfraces e que o fillo do Gran Turco é o propio Cleonte?

SEÑORA JOURDAIN

Ah! Ah!

COVIELLE

E que o intérprete son eu, Covielle?

SEÑORA JOURDAIN *(en baixo, a Covielle)*

Ah! Se é así, réndome.

COVIELLE *(en baixo, á señora Jourdain)*

Disimulade.

SEÑORA JOURDAIN *(en alto)*

Ben, está feito: consinto o matrimonio.

SEÑOR JOURDAIN

Ah! Por fin todo o mundo é sensato! *(Á señora Jourdain)* E non o queriades escoitar. Ben sabía eu que vos había explicar quen é o fillo do Gran Turco.

SEÑORA JOURDAIN

Explicoumo moi explicadiño e estou ben contenta. Mandemos chamar a un notario.

DORANTE

Moi ben falado. E para que poidades estar totalmente satisfeita, señora Jourdain, e que perdades todos os ciúmes que vos puidestes formar do voso marido, a señora marquesa e eu ímonos servir do mesmo notario para casar tamén nós.

SEÑORA JOURDAIN

Estou de acordo.

SEÑOR JOURDAIN *(en baixo, a Dorante)*

É para que o crea mellor?

DORANTE

Cómpre distraela co conto este.

SEÑOR JOURDAIN *(en baixo)*

Moi ben, moi ben! *(En alto)* Que vaian axiña chamar o notario.

DORANTE

En canto que vén e redacta os contratos, vexamos o noso baile e proporcionémoslle distracción a Súa Alteza Turca.

SEÑOR JOURDAIN

Moi ben pensado. Imos cada un ao noso sitio.

SEÑORA JOURDAIN

E Nicole?

SEÑOR JOURDAIN

Doulla ao intérprete. E a miña muller a quen a queira.

COVIELLE

Señor, estouvos moi agradecido. (*Á parte*) Se se dá atopado un máis tolo ca el prometo ir andando a Roma para dicilo.

(A comedia remata cun baile que fora preparado)

BALLET DES NATIONS

PREMIÈRE ENTRÉE

Un homme vient donner les livres du ballet, qui d'abord est fatigué par une multitude de gens de provinces différentes qui crient en musique pour en avoir, et par trois importuns qu'il trouve toujours sur ses pas.

DIALOGUE DES GENS

Qui, en musique, demandent des livres.

TOUS

À moi, Monsieur, à moi, de grâce, à moi, Monsieur:

Un livre, s'il vous plaît, à votre serviteur.

HOMME DU BEL AIR

Monsieur, distinguez-nous parmi les gens qui crient.

Quelques livres ici; les dames vous en prient.

AUTRE HOMME DU BEL AIR

Holà! Monsieur, Monsieur, ayez la charité

D'en jeter de notre côté.

FEMME DU BEL AIR

Mon Dieu, qu'aux personnes bien faites
On sait peu rendre honneur céans!

AUTRE FEMME DU BEL AIR

Ils n'ont des livres et des bancs
Que pour Mesdames les grisettes.

GASCON

Aho! l'homme aux livres, qu'on m'en vaille.
J'ai déjà lé poumon usé;
Bous boyez qué chacun mé raille,
Et jé suis escandalisé
De boir ès mains dé la canaille
Cé qui m'est par bous refusé.

AUTRE GASCON

Eh! Cadédis, Monseu, boyez qui l'on put être;
Un libret, je bous prie, au varon d'Asbarat.
Jé pense, mordi! que le fat
N'a pas l'honneur dé mé connaître.

LE SUISSE

Mon'siur le donneur de papier,
Que veul dire sti façon de fifre?
Moi l'écorchair tout mon gosieir
À crieir,
Sans que je pouvre afoir ein lifre;
Pardi, mon foi! Mons'siur, je pense fous l'être ifre.

*Le donneur de livres, fatigué par les importuns qu'il trouve toujours sur ses pas,
se retire en colère.*

VIEUX BOURGEOIS BABILLARD

De tout ceci, franc et net,
Je suis mal satisfait;
Et cela sans doute est laid
Que notre fille
Si bien faite et gentille,
De tant d'amoureux l'objet,
N'ait pas à son souhait
Un livre de ballet
Pour lire le sujet
Du divertissement qu'on fait,
Et que toute notre famille
Si proprement s'habille,
Pour être placée au sommet
De la salle, où l'on met

Les gens de Lantriguet;
De tout ceci, franc et net,
Je suis mal satisfait
Et cela sans doute est laid.

VIEILLE BOURGEOISE BABILLARDE

Il est vrai que c'est une honte,
Le sang au visage me monte,
Et ce jeteur de vers qui manque au capital,
L'entend fort mal;
C'est un brutal,
Un vrai cheval,
Franc animal,
De faire si peu de compte
D'une fille qui fait l'ornement principal
Du quartier du Palais-Royal,
Et que ces jours passés un comte
Fut prendre la première au bal.
Il l'entend mal,
C'est un brutal,
Un vrai cheval,
Franc animal.

HOMMES ET FEMMES DU BEL AIR

Ah! quel bruit!
 Quel fracas!
 Quel chaos!
 Quel mélange!

Quelle confusion!
 Quelle cohue étrange!
Quel désordre!
 Quel embarras!
On y sèche!
 L'on n'y tient pas!

GASCON

Bentré! je suis à vout.

AUTRE GASCON

J'enrage, Diou mé damne.

SUISSE

Ah! que l'y faire saif dans sti sal de cians.

GASCON

Jé murs.

AUTRE GASCON

Jé perds la tramontane.

SUISSE

Mon foi! moi, je foudrais être hors de dedans.

VIEUX BOURGEOIS BABILLARD

Allons, ma mie,
Suivez mes pas,
Je vous en prie.
Et ne me quittez pas,
On fait de nous trop peu de cas,
Et je suis las
De ce tracas:
Tout ce fatras,
Cet embarras,
Me pèse par trop sur les bras.
S'il me prend jamais envie
De retourner de ma vie
À ballet ni comédie,
Je veux bien qu'on m'estropie.
Allons, ma mie,
Suivez mes pas,
Je vous en prie,
Et ne me quittez pas,
On fait de nous trop peu de cas.

VIEILLE BOURGEOISE BABILLARDE

Allons, mon mignon, mon fils,
Regagnons notre logis
Et sortons de ce taudis
Où l'on ne peut être assis;
Ils seront bien ébaubis
Quand il nous verront partis.
Trop de confusion règne dans cette salle,
Et j'aimerais mieux être au milieu de la halle;
Si jamais je reviens à semblable régale,
Je veux bien recevoir des soufflets plus de six.
Allons, mon mignon, mon fils,
Regagnons notre logis,
Et sortons de ce taudis
Où l'on ne peut être assis.

TOUS

À moi, Monsieur, à moi, de grâce, à moi, Monsieur:
Un livre, s'il vous plaît, à votre serviteur.

DEUXIÈME ENTRÉE
Les trois importuns dansent

TROISIÈME ENTRÉE
Trois Espagnols chantent

PREMIER ESPAGNOL, *chantant.*

TEXTE

Sé que me muero de amor,
Y solicito el dolor.

Aun muriendo de querer
De tan buen ayre adolezco,
Que es mas de lo que padezco
Lo que quiero padecer,
Y no pudiendo exceder
A mi deseo el rigor.

Sé que me muero de amor,
Y solicito el dolor.

Lisonxeame la suerte
Con piedad tan advertida,
Que me assegura la vida
En el riesgo de la muerte.
Vivir de su golpe fuerte
Es de mi salud primor.

Sé que me muero de amor,
Y solicito el dolor.

Danse de six Espagnols, après laquelle deux autres Espagnols dansent encore ensemble.

PREMIER ESPAGNOL, *chantant.*
Ay! Que locura, con tanto rigor
Quexarse de Amor,
Del niño bonito
Que todo es dulçura
 Ay! que locura
 Ay! que locura!

DEUXIÈME ESPAGNOL, *chantant.*

El dolor solicita,
El que al dolor se da,
Y nadie de amor muere
Sino quien no save amar.

PREMIER ET DEUXIÈME ESPAGNOL, *chantant.*

Dulce muerte es el amor
Con correspondencia y gual,
Y si esta gozamos oy
Porque la quieres turbar?

PREMIER ESPAGNOL, *chantant.*

Alégrese enamorado
Y tome mi parecer,
Que en esto de querer
Todo es hallar el vado.

TOUS TROIS ENSEMBLE

Vaya, vaya de fiestas!
Vaya de vayle!
Alegría, alegría, alegría!
Que esto de dolor es fantasía!

QUATRIÈME ENTRÉE

ITALIENS

UNE MUSICIENNE ITALIENNE *fait le premier récit dont voici les paroles.*

Di rigori armata il seno
Contro Amor mi ribellai,
Ma fui vinta in un baleno
In mirar due vaghi rai.
Ahi! che resiste puoco
Cor de gelo a stral di fuoco!

Ma si caro è 'l mio tormento
Dolce è si la piaga mia,
Ch'il penare è 'l mio contento,
E 'l sanarmi è tirannia.
Ahi! che più giova e piace
Quanto amor è più vivace!

Après l'air que la musicienne a chanté, deux Scaramouches, deux Trivelins et un Arlequin représentent une nuit à la manière des comédiens italiens, en cadence.

Un musicien italien se joint à la musicienne italienne et chante avec elle les paroles qui suivent:

TEXTE

LE MUSICIEN ITALIEN

Bel tempo che vola
Rapisce il contento;
D'Amor nella scola
Si coglie il momento.

LA MUSICIENNE

Insin che florida
Ride l'età
Che pur tropp'orrida
Da noi sen v'è

TOUS DEUX

Sù cantiamo,
Sù godiamo,
Ne' bei dì di gioventù:
Perduto ben non si racquista più.

LE MUSICIEN

Puppilla che vaga
Mill'alme incatena,
Fà dolce la piaga,
Felice la pena.

LA MUSICIENNE

Ma poiche frigida
Langue l'età
Più l'alma rigida
Fiamme non ha.

TOUS DEUX

Sù cantiamo,
Sù godiamo,
Ne' bei dì di gioventù:
Perduto ben non si racquista più.

Après le dialogue italien, les Scaramouches et Trivelins dansent une réjouissance.

CINQUIÈME ENTRÉE

FRANÇAIS

Deux musiciens poitevins dansent et chantent les paroles qui suivent.

PREMIER MENUET

PREMIER MUSICIEN

Ah! qu'il fait beau dans ces bocages!

Ah! que le ciel donne un beau jour!

AUTRE MUSICIEN

Le rossignol, sous ce tendres feuillages,

Chante aux échos son doux retour.

Ce beau séjour,

Ces doux ramages,

Ce beau séjour

Nous invite à l'amour.

DEUXIÈME MENUET

TOUX DEUX ENSEMBLE

Vois ma Climène,

Vois, sous ce chêne

S'entrebaiser ces oiseaux amoureux.

Ils n'ont rien dans leurs vœux

Qui les gêne,

De leurs doux feux

Leur âme est pleine.

Qu'ils sont heureux!

Nous pouvons tous deux,

Si tu le veux,

Être comme eux

Six autres Français viennent après, vêtus galamment à la poitevine, trois en hommes et trois en femmes, accompagnés de huit flûtes et de hautbois, et dansent les menuets.

SIXIÈME ENTRÉE

Tout cela finit par le mélange des trois nations et les applaudissements en danse et en musique de toute l'assistance, qui chante les deux vers qui suivent:

Quels spectacles charmants, quels plaisirs goûtons-nous!

Les dieux mêmes, les dieux n'en ont point de plus doux!

